Ramón Fernández Alfonzo na data 26/12/2025 9:37:41

Montserrat Valcárcel Armesto na data 26/12/2025 9:37:50

Luis Bará Torres na data 26/12/2025 9:37:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 09:38:47
Nº Rexistro: 42721
Data envío: 26/12/2025 09:38:47,543

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/12/2025 9:38:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 09:38:47
Nº Rexistro: 42721
Data envío: 26/12/2025 09:38:47,543

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Montserrat Valcárcel Armesto, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as obras previstas pola Xunta de Galiza na residencia de maiores das Gándaras no concello de Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza vai acometer obras de remodelación para a implantación dun novo modelo residencial na residencia de maiores As Gándaras (Lugo). Unhas obras que foron adxudicadas no mes de novembro e que prevén un prazo de execución de 16 meses.

O pasado 29 de novembro medio centro de persoas usuarias desta residencia concentráronse ás portas do centro para denunciar a falta de diálogo coas persoas usuarias e a perda de intimidade que suporá, segundo elas, de levarse a cabo a obra nos termos previstos.

Segundo trasladaron aos medios de comunicación, as usuarias e usuarios das Gándaras afirman que só haberá habitacións compartidas (duplas), formadas por camas separadas só por unha mesiña de noite.

Así mesmo, aseguran que non se ten en conta as súas preferencias nin sequera a súa opinión na reorganización de espazos que se levou a cabo para iniciar as obras.

Para o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a Xunta de Galiza ten a obriga de dialogar coas usuarias e usuarios da residencia das Gándaras porque é o seu domicilio.

Asinado o día 26/12/2025 ás
09:41
Por Montserrat Valcárcel Armesto

Asinado o día 26/12/2025 ás
09:41
Por Olalla Rodil Fernández





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión

5ª:

Vai abrir un espazo de diálogo a Xunta de Galiza coas usuarias/os da residencia das Gándaras a respecto das ibras de remodelación previstas neste centro?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 26/12/2025 9:41:11

Montserrat Valcárcel Armesto na data 26/12/2025 9:41:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 09:41:52
Nº Rexistro: 42723
Data envío: 26/12/2025 09:41:52.680

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/12/2025 9:41:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 09:41:52
Nº Rexistro: 42723
Data envío: 26/12/2025 09:41:52.680

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

GRUPO PARLAMENTARIO

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 09:45:29
Nº Rexistro: 42725
Data envío: 26/12/2025 09:45:29.975

Asinado o día 26/12/2025 ás 09:44
Por Olalla Rodil Ferné

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, relativa á falta de contestación e de transparencia da Xunta de Galiza sobre a data ou datas exactas nas que trasladou ao goberno do Estado erros nos dispositivos telemáticos de protección de mulleres vítimas de violencia de xénero.

Asinado o día 26/12/2025 ás 09:44
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A violencia machista é un problema de máxima importancia política e as institucións temos a obriga de fiscalizar o funcionamento dos mecanismos existentes para o seu combate. É por iso que en novembro de 2024 o BNG preguntou, sen resposta, á Conselleira de Política Social e Igualdade sobre os problemas respecto de COMETA dos que o Bloque Nacionalista Galego tiña coñecemento e sobre as demandas que trasladara ou ía trasladar ao respecto. É por iso que ante o coñecemento de distintos fallos no sistema COMETA na posterior posta en marcha da nova concesión o BNG impulsou iniciativas de distinta índole nas diferentes institucións.

Coñecido no mes de setembro de 2025 informacións a través da Memoria da Fiscalía de 2024 que confirmaban consecuencias graves e negativas, o Grupo Parlamentario do BNG rexistrou iniciativas para fiscalizar de que maneira e en que momentos a Xunta tivo coñecemento destas problemáticas, toda vez que se coñece que distintas fontes xudiciais puxeran en coñecemento das institucións esta cuestión.

Porén, como vén sendo habitual, o goberno galego remitiu unha “non resposta” na que respondía unha soa das preguntas formuladas e se parapetaba no pronunciamento,

Asinado o día 26/12/2025 ás 09:44
Por Noa Presas Bergantiños





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

GRUPO PARLAMENTARIO

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 09:45:29
Nº Rexistro: 42725
Data envío: 26/12/2025 09:45:29.975

serodio, do Observatorio Galego, que nin sequera se reunira para tal efecto até que este Grupo Parlamentario preguntou por escrito se había algunha valoración e alguén no goberno galego debeu reparar en que tiña un organismo que podía convocar e consultar.

O BNG manifestou na súa nova iniciativa compartir a preocupación e medidas que pedía o Observatorio mais insistiu en solicitar a información que pedía novamente.

Unha vez máis, o goberno da Xunta, demostrando a súa falta de respecto ao Parlamento galego e ao problema máis importante da vida das mulleres, que é a violencia machista, volveu remitir unha “non resposta” remitindo ao acordo do Observatorio que se sinalaba na propia pregunta sen sequera molestarse en corrixir os erros de lingua que se sinalaban, nunha resposta ridícula na que alterna galego e castelán sen pasar sequera un corrector e impropia dunha administración respectable.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Por que oculta a Xunta de Galiza cando e de que maneira comunicou tivo coñecemento dos fallos das pulseiras telemáticas e comunicou este extremo ao goberno do Estado?

En que data tivo coñecemento e a través de que fonte?

Que problemas sinalou ao goberno central e en que data ou datas?

Non actuou antes de outubro de 2025?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 26/12/2025 9:44:36

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/12/2025 9:44:45

Olalla Rodil Fernández na data 26/12/2025 9:44:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 09:45:29
Nº Rexistro: 42725
Data envío: 26/12/2025 09:45:29.975

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/12/2025 9:45:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 09:45:29
Nº Rexistro: 42725
Data envío: 26/12/2025 09:45:29.975

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 09:50:20
Nº Rexistro: 42727
Data envío: 26/12/2025 09:50:20.176

Asinado o día 26/12/2025 ás 09:49
Por Ariadna Fernández

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, Daniel Castro García e Ariadna Fernández González, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de establecer unha estratexia nos centros educativos para a protección das menores nos entornos dixitais, consensuada con todos os axentes sociais e institucionais implicados.

Asinado o día 26/12/2025 ás 09:49
Por Daniel Castro García

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 11 de novembro foi presentado o informe de Unicef sobre o impacto da tecnoloxía na infancia e adolescencia, con datos en clave estatal.

O estudo está realizado con escolares de idades comprendidas entre os 10 e 20 anos, que cursen 5º e 6º de Primaria, ESO, Bacharelato, FP Básica ou Ciclos Formativos de Grado Medio en centros públicos, privados ou concertados (Mostra de aprox. 93.153 estudantes, que foi depurada ata 75.329).

Alumnado entre 10 e 20 anos, de Primaria, o 58,4% ESO, o 11,5% Bacharelato e o 3,2% restante Formación Profesional. O 49,4% eran mozos, o 48,8% mozas e o 1,8% non respondeu cando se lles preguntou polo seu sexo biolóxico.

A recollida de datos realizouse entre novembro de 2024 e xuño de 2025 mediante un cuestionario online implementado en LimeSurvey e aloxado nun servidor do Centro de Supercomputación da Galiza. O alumnado cumprimentou o cuestionario nas propias aulas dos centros baixo a supervisión do persoal docente, previo consentimento dos seus pais ou titores legais. Foi informado dos obxectivos do estudo, así como do anonimato e a confidencialidade das súas respostas. Para estandarizar o procedemento de recollida de

Asinado o día 26/12/2025 ás 09:49
Por Cristina Fernández Davila





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

datos, facilitar a maior participación posible e resolver eventuais dúbidas, elaborouse un Manual de Procedemento, dispoñible tamén en diferentes linguas.

O estudo presenta unhas conclusións moi interesantes, pero de vez preocupantes:

1.- A presenza dos dispositivos dixitais no día a día de nenos, nenas e adolescentes é evidente. O 82,4% dispón de móbil propio, ao que acceden de media aos 10,8 anos. Estando rexistrados o 92,5% nunha rede social ou máis.

2.- Constatouse que o uso das pantallas conleva unha serie de riscos evidentes: prevalencia de sexting ou sexting pasivo, presións para enviar fotos propias de carácter erótico o sexual ou chantaxes e intentos de extorsión. O 5,7% dos menores de 16 anos refire ter recibido propostas sexuais por parte de adultos a través de Internet.

3.- Os videoxogos son unha das principais formas de ocio na infancia e adolescencia. O 53,5% do alumnado xoga ao menos unha vez á semana e un de cada 5 todos ou case todos os días. Unha parte destina, amais, cartos aos videoxogos, a compras ou descargas, a mercar skins, xemas, cartas ou xogadores. O 70,2% dos xogadores consume contidos violentos con prevalencias maiores de ciberacoso ou acoso escolar.

4.- 1 de cada 10 adolescentes de menos de 18 anos refire ter xogado cartos ou apostado algunha vez de forma presencial ou online.

5.- Compróbase que este tipo de adicións ou usos problemáticos soen estar asociados con problemas a nivel emocional e unha peor calidade de vida, reflectíndose en maiores niveis de ansiedade, depresión, somatización e, incluso, de risco suicida. Este alumnado tende a presentar unha peor saúde mental. Os datos revelan que o 14,2% dos adolescentes presentan síntomas de malestar emocional, o 13,1% síntomas depresivos e o 7,4% risco suicida elevado.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

6.- O 10,1% dos e das adolescentes consume pornografía de forma habitual, o acceso a este tipo de contidos prodúcese a idades moi temperás, e a prevalencia dun posible consumo problemático é elevada (un de cada cinco).

7.- Sobre a convivencia familiar, no 15,2% dos fogares detéctase algunha acción de violencia cara algún dos proxenitores e en canto á convivencia escolar hai unha prevalencia do 25% de vitimización escolar e un 8,3% a de cibervitimización, cunha notable afectación a nivel emocional entre quenes a sofren.

8.- O 31,3% do alumnado que ten ou tivo parella refire ter sufrido algunha manifestación de violencia frecuente, xeralmente condutas de control das amizades nas redes sociais, utilización de dispositivos dixitais para controlar onde e con quen están en cada momento ou a revisión non consentida do teléfono móbil.

9.- Queda de manifesto nos resultados a diferenza por idade, pero sobre todo por xénero. A maneira en que mozos e mozas se relacionan no entorno dixital é distinto, con riscos e patróns tamén diferentes, por iso é preciso adaptar o enfoque á hora do deseño de elaborar políticas preventivas.

10.- Finalmente, resulta necesario abordar o uso dixital na infancia e adolescencia de xeito integral e comunitario e, sobre todo, tendo en conta sempre o punto de vista e o sentir das e dos adolescentes.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

1.- Vai a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP abordar o uso da tecnoloxía dende o punto de vista da infancia e adolescencia de xeito integral e





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

comunitario, incluíndo ao resto de sectores afectados, a todas as institucións e tendo en conta o punto de vista e o sentir das adolescentes?

2.- Vai a Consellería de Educación establecer a colaboración entre os centros educativos, as familias e servizos sociais para impulsar a mediación parental con estratexias de supervisión, acompañamento e orientación, pero tamén establecendo normas, límites e controis de seguridade?. Vai establecer para elo, unha Escola de Pais e Nais, co obxectivo de informar, formar, facer seguimento e dar apoio ás familias sobre os perigos do uso por parte do alumnado galego das novas tecnoloxías e redes sociais, para prever problemas de seguridade das persoas usuarias?

3.- Vai a Consellería impulsar unha campaña de sensibilización nos centros educativos, entre o alumnado e as súas familias, que poña en evidencia os riscos do uso das tecnoloxías e redes sociais, así como as súas consecuencias no ámbito escolar, familiar, das amizades, na relación social... e así fomentar a participación nas distintas estratexias en marcha?

4.- Vai establecer indicadores que permitan valorar os resultados desta formación e sensibilización coas familias e alumnado a medio e longo prazo?

5.- Vai a Consellería incluír no currículo escolar, nas etapas obrigatorias, a materia de Educación Sexual Integral, tal e como recomenda a Organización Mundial da Saúde (OMS), implicando aos centros educativos e a profesionais específicos no desenvolvemento do contido?? Vai dotar da formación necesaria ao profesorado para impartir a materia e organizar actividades sobre o tema co alumnado e as súas familias?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 26/12/2025 9:49:23

Daniel Castro García na data 26/12/2025 9:49:31

Ariadna Fernández González na data 26/12/2025 9:49:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 09:50:20
Nº Rexistro: 42727
Data envío: 26/12/2025 09:50:20.176

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/12/2025 9:50:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 09:50:20
Nº Rexistro: 42727
Data envío: 26/12/2025 09:50:20.176

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de a Xunta desenvolver políticas públicas de acceso á cultura.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os datos actualizados do estado da conxuntura estatística da cultura para 2025 ofrecen unhas cifras que falan, no seu conxunto, dunha evolución dispar.

Malia o relativo incremento orzamentario por parte da Xunta, que en 2025 se aproximou ao 8% do total dos orzamentos, non se percibe que este reverta nun avance progresivo no afortalamento dos sectores culturais galegos, senón máis ben unha contención que acompaña tamén algúns indicadores que seguen a ser negativos.

Neste sentido, o Observatorio da Cultura Galega conclúe na súa análise comparada con estudos periódicos anteriores que o emprego no sector cultural en Galiza se sitúa seis décimas por debaixo da media española e baixa unha décima no último dato dispoñíbel do segundo trimestre de 2025, segue asentado maiormente no colectivo dos autónomos e rexistra un perfil marcadamente estacional.

Fronte a isto, o gasto en cultura das familias medra ao compás da confianza da sociedade galega nos seus creadores e creadoras.

Asinado o día 26/12/2025 ás
09:53
Por Daniel Castro García

Asinado o día 26/12/2025 ás
09:53
Por Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

Que políticas culturais públicas vai desenvolver a Xunta en 2026 para afortalar o sistema cultural galego?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 26/12/2025 9:53:19

Daniel Castro García na data 26/12/2025 9:53:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 09:54:06
Nº Rexistro: 42729
Data envío: 26/12/2025 09:54:06.895

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/12/2025 9:54:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 09:54:06
Nº Rexistro: 42729
Data envío: 26/12/2025 09:54:06.895

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre as conclusións do informe da Valedora do Pobo relativo ao ano 2024 a respecto da desprotección do patrimonio cultural galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O informe da Valedora do Pobo referido ao ano 2024 foi presentado neste Parlamento no pleno celebrado o 2 de decembro.

Entre as diferentes áreas sistematizadas neste informe está a de cultura que rexistra un total de 34 queixas admitidas.

As queixas da sociedade derivan das actuacións discriminatorias ou mesmo atentatorias por parte da administración competente en protección e conservación do territorio, a Xunta de Galiza a través da Dirección xeral de patrimonio, en beneficio de empresas.

A falta de coordinación entre as administracións, nomeadamente Xunta e Concellos, está na orixe dalgunhas destas queixas que detallan como está a ser esta unha das causas da actual desprotección dos bens patrimoniais no noso país.

As dificultades de acceso a patrimonio declarado BIC, cando non o incumprimento da normativa reguladora do acceso público tal e como recolle a Lei de patrimonio cultural, tamén foron obxecto de denuncia por parte da sociedade galega ante a Valedora do Pobo.

Asinado o día 26/12/2025 ás
09:56
Por Daniel Castro García

Asinado o día 26/12/2025 ás
09:56
Por Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para alén das queixas tramitadas e pechadas ao longo de 2024, chama a atención que aínda hai queixas abertas derivadas de anos precedentes por causa da ausencia de resposta do goberno da Xunta de Galiza.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

Como vai corrixir a Xunta as causas que están a provocar a desprotección do patrimonio cultural galego desde as propias administracións públicas?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 26/12/2025 9:56:16

Daniel Castro García na data 26/12/2025 9:56:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 09:57:08
Nº Rexistro: 42731
Data envío: 26/12/2025 09:57:08.321

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/12/2025 9:57:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 09:57:08
Nº Rexistro: 42731
Data envío: 26/12/2025 09:57:08.321

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego e Luis Bará Torres, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a situación do CEIDA, en Oleiros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental (CEIDA), situado no Castelo de Santa Cruz (Oleiros), é un centro de referencia para a educación ambiental en Galiza. É produto dun convenio entre a Xunta de Galiza, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros.

O CEIDA leva a cabo labores de promoción da educación ambiental, ademais de proxectos de intercambio científico e cultural, desde a visión da busca de solucións aos problemas ambientais e fomentando as boas prácticas cidadás neste ámbito.

Os seus obxectivos son:

- Favorecer, como centro de referencia, a colaboración entre os demais equipamentos para a educación ambiental (aulas da natureza, granxas escola, centro de visitantes, parques etnográficos e arqueolóxicos, ...).
- Proporcionar, como centro de formación, os medios axeitados para a capacitación de técnicos en medio ambiente, do profesorado e doutros grupos sociais interesados pola educación ambiental.

Asinado o día 26/12/2025 ás
10:14
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 26/12/2025 ás
10:14
Por Iria Taibo Corsanego



- Mostrar, como centro de interpretación, a interacción dos diversos elementos que interactúan sobre a natureza para propiciar a utilización racional dos recursos cara un uso sustentábel.

- Facilitar, a través do centro de documentación, a difusión de todo tipo de material formativo, educativo e divulgativo relacionado co Medio Ambiente e Educación Ambiental.

- Fomentar, como centro de divulgación, o coñecemento dos valores e dos problemas ambientais actuais, co fin de sensibilizar e xerar unha conciencia crítica.

Ademais de traballar no ámbito da formación no ámbito dos profesionais do medio ambiente, ten proxectos dirixidos á educación e divulgación ambiental para a comunidade educativa e a cidadanía en xeral, e no ámbito da cooperación no ámbito ambiental.

Alén disto, o CEIDA xestiona o Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga, cun catálogo bibliográfico único, especializado en medio ambiente, educación ambiental, conservación e sustentabilidade, con recursos moi diversos, e que pode ser consultado pola cidadanía. O Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga está situado desde 2022 no Pazo de Lóngora, tamén en Oleiros.

A sede do CEIDA está no Castelo de Santa Cruz, no illote ao que se accede por unha pasarela peonil (cuxa reparación está proxectada neste momento). O Castelo é un Ben de Interese Cultural, e o CEIDA recibe visitas de centros de ensino e todo tipo de colectivos.

Os seus obxectivos, ademais da súa situación e a participación das tres institucións que o promoven fan que sexa un centro que merece unha especial protección.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión

2ª:

- Cal é a situación actual do goberno galego en relación co Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental (CEIDA)?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 26/12/2025 10:14:25

Luis Bará Torres na data 26/12/2025 10:14:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 10:15:16
Nº Rexistro: 42733
Data envío: 26/12/2025 10:15:16.874

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/12/2025 10:15:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 10:15:16
Nº Rexistro: 42733
Data envío: 26/12/2025 10:15:16.874

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 10:19:14
Nº Rexistro: 42735
Data envío: 26/12/2025 10:19:14.965

Asinado o día 26/12/2025 ás 10:18
Por Mercedes Queixa

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Mercedes Queixas Zas, Rosana Pérez Fernández e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre a exclusión do galego na campaña “A BUEN PUERTO”.

Asinado o día 26/12/2025 ás 10:18
Por Daniel Castro García

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 26 de novembro, apareceu en varios medios de comunicación galegos un anuncio coa lenda A BUEN PUERTO, para promover as Xornadas Técnicas do Sector Pesqueiro de Celeiro. Esta campaña está en castelán, a pesar de que conta co financiamento da Xunta de Galiza, como indican os logotipos institucionais da propia Xunta e de Galicia Calidade ao pé do anuncio.

O artigo 5.3 do Estatuto de Autonomía de Galiza establece que “os poderes públicos de Galiza garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilita-lo seu coñecemento”.

Alén disto, o artigo 4.3 da Lei de Normalización Lingüística establece que “os poderes públicos de Galiza promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns”.

A exclusión da lingua galega desta campaña en medios de comunicación galegos supón un novo incumprimento da lexislación lingüística.

Asinado o día 26/12/2025 ás 10:18
Por Iria Taibo Corsanego





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

- Como valora o goberno galego a súa colaboración con campañas públicas nas que se exclúe a lingua galega?

- A que se debe que a campaña para divulgar as Xornadas Técnicas para a divulgación das Xornadas Técnicas do Sector Pesqueiro de Celeiro, coa que colabora a Xunta de Galiza, exclúa a lingua galega?

- En que consiste a colaboración do goberno galego con esta campaña?

- Cal é o obxectivo de divulgar esta campaña en Galiza excluindo a lingua galega?

- Como ten previsto evitar o goberno galego que se reproduza este tipo de exclusións da lingua galega?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 26/12/2025 10:18:08

Daniel Castro García na data 26/12/2025 10:18:21

Mercedes Queixas Zas na data 26/12/2025 10:18:29

Rosana Pérez Fernández na data 26/12/2025 10:18:36



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/12/2025 10:19:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 10:19:14
Nº Rexistro: 42735
Data envío: 26/12/2025 10:19:14.965

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Luis Bará Torres e Ramón Fernández Alfonso, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á negociación aberta por Recursos de Galiza e Acciona para a compravenda de parques eólicos no país.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En novembro de 2025, foi revelada a través dos medios de comunicación unha negociación entre Recursos de Galiza (RdG), sociedade mixta liderada pola Xunta de Galiza, e Acciona Enerxía para a compravenda de 26 parques eólicos en Galiza, con 550 megavatios (MW) de potencia instalada, por un prezo indicativo de aproximadamente 700 millóns de euros.

Esta operación presenta características que merecen unha análise crítica máis alá do aspecto meramente comercial, na medida en que:

Significa o primeiro grande investimento de RdG, constituída en 2023 como instrumento de política pública da Xunta de Galiza para canalizar beneficios dos recursos naturais cara ao territorio.

Revela contradicións na aplicación da Lei de promoción Beneficios Sociais e Económicos (Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galiza), aprobada en 2024.

Expón a RdG a riscos financeiros e reputacionais significativos, incluíndo a transferencia de custos de repotenciación estimados en 600 millóns de euros.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Cuestiona o modelo de goberno corporativo de RdG e a súa aliñación cos obxectivos fundacionais de maximizar o beneficio social e económico.

Levanta interrogantes sobre a viabilidade económica da operación en termos de valor entregado aos accionistas de RdG, e nomeadamente á Xunta de Galiza.

Recursos de Galiza foi constituída cunha participación pública do 30% para a Xunta de Galiza e co 70% restante distribuído entre 32 empresas galegas diversificadas, cunha intención explícita de garantir que o capital natural de Galiza xerara beneficios "para todo o tecido socioeconómico da Comunidade Autónoma".

Porén, a operación proposta non amosa mecanismos visibles de participación de pemes locais no capital dos parques adquiridos, contravindo o espírito da Lei de Beneficios.

Non contempla transferencia de beneficios aos concellos afectados máis alá dos impostos existentes. Non incorpora planos de creación de emprego cualificado local para a operación ou mantemento dos parques. Non articula modelos de autoconsumo para as comunidades locais, a pesar de ser unha das misións expresas de RdG segundo a Lei de Beneficios.

Os 26 parques eólicos de Acciona entraron en operación entre 1998 e 2005, o que significa que moitos deles xa superan ou están preto de superar os 25 anos de antigüidade, límite regulatorio establecido pola Xunta para obrigar a repotenciación.

A repotenciación destes parques está estimada en aproximadamente 600 millóns de euros segundo fontes do sector consultadas. Isto significa que o custo real de consolidación desta operación para RdG alcanzaría aproximadamente 1.300 millóns de euros (700 millóns de compra + 600 millóns de repotenciación), o que se traduce nun prezo implícito de 2,36 millóns de euros por megavatio.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Ademais, o incerto panorama regulatorio — co Goberno de España tendo recorrido a normativa galega de repotenciación ante o Tribunal Constitucional — introduce risco regulatorio que Acciona evita

A negociación foi filtrada aos medios por fontes vinculadas a Acciona, co que non houbo debate público previo sobre a conveniencia estratéxica da operación, tampouco se solicitou parecer do Consello Económico e Social de Galiza sobre os beneficios sociais e económicos da operación, nin se celebrou control parlamentario sobre a operación proposta.

A operación de compravenda de 26 parques eólicos entre Recursos de Galiza e Acciona Enerxía, nas condicións actualmente negociadas, presenta riscos significativos de desvío do obxectivo fundacional de RdG de canalizar beneficios sociais e económicos ás comunidades locais, de incumprimento de disposicións da Lei de Beneficios Sociais e Económicos, de custo financeiro desfavorable para a Xunta de Galiza e Falta de transparencia e participación no proceso de toma de decisións.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

1. Que datos ten a Xunta de Galiza sobre a operación anunciada pola empresa Acciona sobre a venda de activos eólicos desta empresa na Galiza á empresa público – privada “Recursos de Galiza”.
2. Coñece a Xunta a antigüidade dos parques eólicos obxecto da operación de compra venda?
3. Cales son os custes de repotenciación destes parques eólicos?
4. Como se aplicará a lei de beneficios unha vez se consolide esta operación?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

5. Coñece a Xunta de Galiza a situación financeira de Acciona?
6. Considera a Xunta de Galiza que esta operación pode supor unha merma reputacional de RdG?
7. Ten previsto a Xunta facer información pública desta operación?
8. Conta a Xunta cun estudo técnico e financeiro sobre a operación proposta?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 26/12/2025 10:23:39

Ramón Fernández Alfonzo na data 26/12/2025 10:23:45

Luis Bará Torres na data 26/12/2025 10:23:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 10:24:34
Nº Rexistro: 42737
Data envío: 26/12/2025 10:24:34.980

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/12/2025 10:24:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 10:24:34
Nº Rexistro: 42737
Data envío: 26/12/2025 10:24:34.980

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Mercedes Queixas Zas, Rosana Pérez Fernández e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre o uso da lingua galega no libro “Aventura desde Marlandia: patrulla mariña ao encontro”, editado pola Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellaría do Mar editou o libro “Aventura desde Marlandia: patrulla mariña ao encontro”. Este libro está dirixido ao público infantil e foi remitido polo goberno galego aos concellos para a súa divulgación nos centros de ensino.

O libro está escrito en galego, mais os nomes dos peixes están en castelán, co que isto implica para a calidade do libro en todos os sentidos, mais tamén no que ten que ver coa lexislación lingüística e coas obrigas deste goberno en relación con ela.

Lembramos, máis unha vez, que o Estatuto de Autonomía de Galiza establece no seu artigo 5 que “os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e dispoñerán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento”.

A Lei de normalización lingüística indica 6.3 do devandito texto legal establece que “os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns”.



Ademais, o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega aprobado en 2004 por unanimidade no Parlamento Galego establece entre os seus obxectivos os de “fomentar a adquisición progresiva da lectura e da escritura en galego” e “promover plans de lectura mediante técnicas de animación nas bibliotecas do centro e das aulas, aproveitando o protagonismo social que acadou nas últimas décadas a literatura infantil e xuvenil en lingua galega”, ademais de “conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, priorizando a súa presenza en sectores estratéxicos”.

A distribución nos centros de ensino de materiais que divulgan os nomes dos peixes en castelán resulta contraria a toda esta normativa que obriga o goberno galego, ademais de que, ao tratarse dun libro teoricamente en lingua galega (e tamén por estar editado e enviado polo goberno galego), sen dúbida xera confusión a respecto da corrección do seu contido e dos propios nomes dos peixes, co que tampouco resulta útil en termos didácticos.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

- Por que a Consellaría do Mar edita e distribúe un libro infantil en galego que non inclúe os nomes dos peixes nesta lingua?
- Ten previsto o goberno galego corrixir a edición do libro “Aventura desde Marlandia: patrulla mariña ao encontro”?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 26/12/2025 10:27:41

Daniel Castro García na data 26/12/2025 10:27:51

Mercedes Queixas Zas na data 26/12/2025 10:27:58

Rosana Pérez Fernández na data 26/12/2025 10:28:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 10:28:43
Nº Rexistro: 42739
Data envío: 26/12/2025 10:28:43,207

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/12/2025 10:28:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 10:28:43
Nº Rexistro: 42739
Data envío: 26/12/2025 10:28:43,207

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García e Cristina Fernández Davila, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de incrementar o persoal de Audición e Linguaxe (AL) e Pedagogía Terapéutica (PT) no CEIP Plurilingüe de Covas (Viveiro).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os gobernos do Partido Popular caracterizáronse por un continuo recorte do profesorado dos centros educativos do noso país. Ese recorte fíxose máis palpable no relacionado co persoal de PT e AL, algo aínda máis grave xa que estamos de falar de profesorado encargado de educar e coidar a alumnado con necesidades específicas.

Un exemplo desta realidade vémosto no CEIP Plurilingüe de Covas en Viveiro, xa que no presente curso 2025/2026 a porcentaxe de Alumnado con Necesidades Específicas de Atención Educativa (en adiante ACNEAE) é dun 22% do total dos 154 nenas e nenos matriculados no centro.

Mais o problema non é recente. Desde cursos anteriores o centro leva sufrindo un progresivo deterioro na atención ás necesidades de apoio educativo, demostrándose que, a pesar do constante esforzo do persoal co que conta o centro, este resulta claramente insuficiente.

Estamos a falar dunha situación totalmente insostible, xa que ao mesmo tempo que aumenta o ACNEAE, recórtase directamente unha profesional experta en Audición e Linguaxe (en adiante A.L) a tempo parcial, quedando só cunha A.L a media xornada (compartida con outro centro, o que implica que non pode realizar gardas etc).

Asinado o día 26/12/2025 ás
10:30
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 26/12/2025 ás
10:30
Por Daniel Castro García





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Alén do dito, a propia Xunta de Galicia nomea á Pedagoga Terapéutica (en adiante P.T.) como directora do centro, cunha dedicación recoñecida de 7 horas semanais que non se cubre con ningún outro profesional.

O feito de que este centro teña unha porcentaxe moi elevada de ACNEAE, así coma de nenas e nenos en risco de exclusión social e con problemas crónicos de absentismo é un feito coñecido e recoñecido polas administracións públicas e esta particularidade fai que a aplicación dun catálogo xeral para decidir o persoal de apoio preciso sexa total e absolutamente improcedente.

Por esta razón, as nais e pais levan semanas manifestándose os venres contra a decisión do goberno galego de non aumentar o persoal de Audición e Linguaxe (AL) e Pedagogía Terapéutica (PT), mentres que o propio goberno segue gardando silencio.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Vai a Xunta de Galiza incorporar unha profesional de Audición e Linguaxe (AL) a tempo completo e unha profesional de Pedagogía Terapéutica (PT) a media xornada no CEIP Plurilingüe de Covas?
- Vai dar resposta a Xunta de Galiza á petición da Asociación de Nais e Pais do Alumnado (ANPA) do CEIP Plurilingüe de Covas?
- Considera o goberno galego que o persoal co que está dotado o CEIP Plurilingüe de Covas é o axeitado?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 26/12/2025 10:30:25

Cristina Fernández Davila na data 26/12/2025 10:30:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 10:31:04
Nº Rexistro: 42741
Data envío: 26/12/2025 10:31:04.812

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/12/2025 10:31:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 10:31:04
Nº Rexistro: 42741
Data envío: 26/12/2025 10:31:04.812

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas Iria Taibo Corsanego e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o compromiso da Xunta coa proxección exterior da literatura galega a través das feiras do libro internacionais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan Estratéxico de Galiza 2022-2030 aprobado polo Partido Popular recolle, en relación á potenciación da lingua e da cultura galega, o seguinte obxectivo:

Estimular a produción cultural e a súa distribución, apoiando a innovación cultural e a transversalidade da creatividade nos sectores produtivos, facilitando o acceso á cultura da cidadanía e avanzando na súa proxección exterior e internacionalización.

Para a concreción deste amplo obxectivo recoñécese o seguinte reto:

Avanzar na proxección exterior e a internacionalización da produción cultural de Galicia, logrando que Galicia sexa un referente internacional na xeración de contidos.

E entre as liñas de actuación estratéxicas compromete a seguinte:

Crear vías e canles estables de apoio, ademais de accións específicas de internacionalización das empresas e dos produtos culturais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A respecto da proxección internacional do literatura galega, as accións practicadas desde a Xunta nos últimos anos, co fin de facilitar a promoción, difusión e intercambio literario, céntranse na asistencia a feiras internacionais do libro como as de Boloña, Frankfurt, Guadalajara (México), Bos Aires e Liber (Barcelona).

Con todo, ao longo dos últimos anos, e malia a reiterada demanda de información desde o grupo parlamentario do BNG, o goberno da Xunta nunca fixo pública unha avaliación sobre o resultado da súa política de internacionalización da literatura galega.

No entanto, o que si foi público e reiterado foi o descontento e a disconformidade do sector editorial galego coas accións da Xunta, máis focadas á autopropaganda e á política de escaparate que a afortalar o impulso e proxección internacional do sector do libro galego, tanto editorial como autorial, até o extremo de vérense obrigadas a renunciaren a participar nalgunhas das feiras internacionais antes mencionadas ou asistiren por conta propia ou facendo parte doutros organismos participantes.

A Xunta decidiu non mudar a súa política, ficando claro que o goberno do PP decidiu non ser o aliado preciso para a coordinación co sector profesional dun ambicioso proxecto de proxección internacional da literatura galega e das súas creadoras.

Nestes primeiros días de decembro celébrase a FIL de Guadalaxara, a última convocatoria internacional do ano, polo que parece pertinente facer unha avaliación da participación nas feiras internacionais en 2025 e dos resultados da proxección exterior da literatura galega.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

Que avaliación fai o goberno da Xunta da súa política de proxección exterior e internacionalización da literatura galega?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 26/12/2025 10:34:41

Daniel Castro García na data 26/12/2025 10:34:48

Iria Taibo Corsanego na data 26/12/2025 10:34:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 10:35:31
Nº Rexistro: 42743
Data envío: 26/12/2025 10:35:31.091

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/12/2025 10:35:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 10:35:31
Nº Rexistro: 42743
Data envío: 26/12/2025 10:35:31.091

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre as actuacións que debe desenvolver a Xunta de Galiza respecto do ERE presentado pola empresa Telefónica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Telefónica ven de anunciar o inicio dun Expediente de Regulación de Emprego (ERE) no que se propoñen 6.088 despedimentos, isto é, 24% do total do persoal no conxunto do Estado español.

No concreto, implicará 378 despedimentos en Telefónica SA (32,5%), 233 despedimentos na filial “Innovación Dixital” (23,4%) e 140 saídas na filial Global Solutions (21,9%), ademais dos 3.649 despedimentos previstos para Telefónica España, a máis afectada implicando 41% do persoal, e os 1.124 despedimentos na filial Telefónica Móviles (31,3% do persoal). E estes súmanse os despedimentos de Telefónica Soluciones (267 que implican 23,9%) e os de Movistar+ (297 despedimentos que suman 34,5% do total do cadro de persoal).

Na Galiza, a compañía conta cun cadro de persoal de 500 persoas e o ERE podería afectar a máis dun terzo do persoal, máis de 150 persoas e que en termos porcentuais situaríase en torno a 35% do persoal.

Cabe lembrar que Telefónica é unha empresa con participación pública, pois a SEPI ten 10% do capital social desta compañía e que ademais segue obtendo

Asinado o día 26/12/2025 ás
10:37
Por Brais Ruanova Vilas-Boas

Asinado o día 26/12/2025 ás
10:37
Por Ramón Fernández Alfonzo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

importantes lucros na súa actividade, só en 2024, declarou un beneficio neto de 2.304 millóns de euros.

Son dúas cuestións de máxima relevancia. Por unha banda porque a entrada do estado no capital da empresa produciuse para garantir a seguridade dun sector estratéxico, e pola outra banda os beneficios acadados non xustifican medidas de redución de emprego.

Neste contexto, desde o BNG non entendemos que tanto goberno do estado como goberno galego non tomen medidas para evitar o que claramente vai significar un aumento da precariedade laboral no sector das telecomunicacións e un empeoramento dun servizo cada vez máis esencial para a cidadanía e estratéxico desde diferentes puntos de vista: desenvolvemento económico, transición dixital, seguridade sanitaria e das emerxencias, seguridade das comunicacións, etc.

Por todo o exposto formúlense as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

1. Coñece a Xunta de Galiza cal vai ser o impacto do ERE de Telefónica na Galiza en termos de emprego?
2. Coñece a Xunta de Galiza até que punto o ERE de Telefónica vai afondar na precarización das condicións de traballo do propio persoal de Telefónica que permaneza na empresa así como de todas as persoas traballadoras da súa cadea de subcontratas?
3. Coñece a Xunta de Galiza até que punto a seguridade das comunicacións pode verse afectada pola precarización das condicións de traballo no conxunto da empresa Telefónica e das súas empresas “colaboradoras”?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Que opina a Xunta de Galiza da continua redución do cadro de persoal de Telefónica na Galiza?

5. Mantivo algunha reunión a Xunta de Galiza coa empresa por causa do ERE presentado? E coas centrais sindicais?

6. Que opina a Xunta de Galiza de que se precarice tamén o servizo a todas as persoas usuarias na Galiza?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 26/12/2025 10:37:10

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 26/12/2025 10:37:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 10:37:44
Nº Rexistro: 42745
Data envío: 26/12/2025 10:37:44.729

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 10:37:44
Nº Rexistro: 42745
Data envío: 26/12/2025 10:37:44.729

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/12/2025 10:37:45

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 10:42:05
Nº Rexistro: 42747
Data envío: 26/12/2025 10:42:05.172

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o anuncio dun Plan estratéxico 2026-2030 no ámbito da discapacidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con motivo do Día Internacional das Persoas con Discapacidade organizado por Cermi Galicia en Santiago de Compostela a conselleira de Política Social anunvia que “o Goberno galego lanzará en 2026 un plan estratéxico con horizonte 2030 para situar a Galiza como referente na plena integración das persoas con discapacidade en todos os ámbitos das súas vidas”.

Un suposto plan que contrasta co incumprimento desde 2014 por parte da Xunta de Galiza de aprobar o Plan galego de accesibilidade previsto na Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade. Un Plan que debería estar aprobado desde 2016 mais que nunca chegou a realizarse, e pasou unha década.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 5ª:

En que consiste o Plan estratéxico en materia de discapacidade anunciado pola conselleira de Política Social logo dunha década sen cumprir coa Lei de accesibilidade?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

Asinado o día 26/12/2025 ás
10:41
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 26/12/2025 ás
10:41
Por Olalla Rodil Fernández



Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 26/12/2025 10:41:24

Cristina Fernández Davila na data 26/12/2025 10:41:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 10:42:05
Nº Rexistro: 42747
Data envío: 26/12/2025 10:42:05.172

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 10:42:05
Nº Rexistro: 42747
Data envío: 26/12/2025 10:42:05.172

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/12/2025 10:42:05

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 10:48:10
Nº Rexistro: 42758
Data envío: 26/12/2025 10:48:10.318

Asinado o día 26/12/2025 ás 10:47
Por Daniel Castro García

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a galeguización de nomes e apelidos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Historicamente, a deturpación dos apelidos comezou no século XVI, cando o galego é eliminado dos documentos oficiais, nun proceso de castelanización forzada que fixo que unha parte importante dos apelidos tradicionais galegos pasase a ter unha forma máis semellante ao castelán, sen ningún tipo de rigor nin xustificación, alén de eliminar todo trazo de galeguidade.

Os apelidos teñen un significado que transcende o familiar, aínda que isto tamén ten unha importancia filolóxica e persoal. En moitas ocasións, esta deturpación se fixo por medio dunha adaptación ortográfica para dar unha aparencia castelá, mais supoñen unicamente unha deformación. Os apelidos e nomes propios teñen unha grande importancia simbólica para a normalización da nosa lingua.

Existen varios recursos para facilitar esta galeguización, tanto desde o punto de vista informativo como para poñer a disposición documentación para os trámites necesarios. En canto aos nomes, A Mesa pola Normalización Lingüística ten publicada unha Caixa de nomes que resulta de utilidade para coñecer as formas galegas e o seu significado e orixe, (ademais de que o propio goberno galego editou unha listaxe nunha publicación titulada “Ímoslle chamar”).

A Real Academia Galega ten publicada desde xaneiro deste ano unha listaxe de apelidos galegos, que inclúe tamén as formas castelanizadas coas formas correctas

Asinado o día 26/12/2025 ás 10:47
Por Mercedes Queixas Zas

Asinado o día 26/12/2025 ás 10:47
Por Iria Taibo Corsanego





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 10:48:10
Nº Rexistro: 42758
Data envío: 26/12/2025 10:48:10.318

galegas correspondentes, como pode ser o caso de Feijóo > Feixoo, Rueda > Roda, Villares > Vilares, Lage > Laxe ou Rajoy > Raxoi. A Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, publicou, en febreiro deste mesmo ano, unha páxina web que inclúe toda a información necesaria sobre os trámites para esta restitución.

Porén, o goberno galego debería asumir este asunto como algo propio e actuar desde diversas vías para divulgar esta información, sensibilizar a cidadanía sobre a importancia dos nomes e apelidos nas súas formas correctas, e mesmo sobre a posibilidade de que haxa apelidos galegos tradicionais que están en risco de desaparición.

Alén disto, nos últimos anos varios cidadáns e cidadás relataron problemas para restituíren os seus nomes ou apelidos en determinados rexistros civís, polo que o apoio do goberno galego en todo este proceso resulta fundamental.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 1ª:

- Ten previsto a Xunta de Galiza levar a cabo algunha actuación para sensibilizar a poboación sobre a deturpación dos nomes e apelidos?
- Ten previsto o goberno galego pór en marcha algunha campaña para facilitar a galeguización (ou restitución) dos nomes e apelidos galegos?
- Ten previsto o goberno galego iniciar algunha actuación para asesorar desde a propia administración galega sobre como levar a cabo este proceso?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 26/12/2025 10:47:24

Mercedes Queixas Zas na data 26/12/2025 10:47:31

Daniel Castro García na data 26/12/2025 10:47:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 10:48:10
Nº Rexistro: 42758
Data envío: 26/12/2025 10:48:10.318

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/12/2025 10:48:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 10:48:10
Nº Rexistro: 42758
Data envío: 26/12/2025 10:48:10.318

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Secundino Fernández Fernández, Luis Bará Torres e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre o proxecto de explotación mineira nomeado “San Juan”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A concesión mineira "San Juan" número 5226 constitúe un xacemento de volframio situado na parroquia de Pentes, concello da Gudiña, Ourense, a escasamente dous quilómetros da fronteira con Portugal.

Este proxecto mineiro foi inicialmente autorizado pola Xunta de Galicia no ano 2015 cunha Declaración de Impacto Ambiental que avalaba a extracción de aproximadamente 50.000 toneladas de mineral mediante cinco cortas a ceo aberto durante un período de dez anos. A empresa promotora orixinal, European Tungsten Company S.L., posteriormente renomeada como Tungsten San Juan S.L., pasou a formar parte do grupo empresarial sueco Eurobattery Minerals, que retomou o proxecto en 2024-2025 tras unha década de inactividade.

A empresa iniciou en outubro de 2025 movementos de terra e traballos preparatorios para a explotación a ceo aberto, prevendo ademais instalar unha planta piloto para o procesamento do mineral mediante tecnoloxía gravimétrica. O proxecto sitúase nun enclave ambientalmente sensible, a menos dun quilómetro da Zona de Especial Conservación Pena Maseira, espazo da Rede Natura 2000, e inmediatamente





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

augas arriba do Parque Natural de Montesinho en territorio portugués, tamén integrado na Rede Natura 2000 e na Reserva da Biosfera Transfronteiriza da Meseta Ibérica.

O proxecto adquiriu nova dimensión en novembro de 2025 cando Eurobattery Minerals anunciou publicamente que obtivera unha prórroga administrativa de trinta anos para a concesión, estendendo a súa vixencia ata o ano 2055, así como unha ampliación substancial das estimacións de reservas minerais, que pasaron das 60.000 toneladas inicialmente probadas a case un millón de toneladas, o que situaría a explotación entre as maiores de España por volume de recurso dispoñible.

Esta prórroga foi concedida mediante acordo administrativo publicado no Diario Oficial de Galicia o 27 de decembro de 2022, aínda que a súa efectividade e os traballos de campo non se materializaron ata finais de 2025. A magnitude do proxecto, a súa localización transfronteiriza e os riscos ambientais asociados suscitaron unha forte contestación por parte de organizacións ecoloxistas galegas e portuguesas, así como do municipio de Vinhais en Portugal, que denuncian a ausencia de avaliacións ambientais actualizadas e de procedementos de coordinación transfronteiriza, así como o incumprimento de sentenzas xudiciais firmes que condicionan expresamente calquera prórroga da concesión á tramitación dunha nova avaliación de impacto ambiental ordinaria.

A legalidade da concesión mineira San Juan número 5226 quedou definitivamente determinada por dúas sentenzas xudiciais firmes de extraordinaria relevancia: a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 18 de decembro de 2020 e, especialmente, a sentenza do Tribunal Supremo de 2 de febreiro de 2022 que resolveu o recurso de casación número 1550/2021 interposto pola empresa Tungsten San Juan S.L. contra o pronunciamento do TSXG. Ambas sentenzas establecen principios xurídicos fundamentais sobre a relación ineludible entre as concesións mineiras, os seus prazos de vixencia e as avaliacións de impacto ambiental que as amparan, principios que a Xunta de





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Galicia incumpriu frontalmente ao conceder a prórroga de trinta anos sen tramitar ningunha nova avaliación ambiental.

O conflito xurídico orixinouse cando a empresa European Tungsten Company S.L. solicitou en 2015 a concesión directa de explotación da mina San Juan, achegando un proxecto técnico de aproveitamento limitado a dez anos de duración, xunto cunha Declaración de Impacto Ambiental que avalaba unicamente as labores mineiras propostas durante ese mesmo prazo decenal. A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, outorgou a concesión por resolución de 17 de decembro de 2015, confirmada en reposición o 4 de decembro de 2018, concedendo expresamente a explotación "por un prazo de duración de dez anos", cando a lexislación mineira establece de forma taxativa que as concesións de explotación de recursos da Sección C deben outorgarse por un período imperativo de trinta anos. A empresa recorreu esta resolución ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia argumentando que a normativa mineira non permite modular o prazo de trinta anos, e que debía recoñecérselle o dereito á concesión polo prazo legal completo con independencia de que o proxecto técnico achegado fose inferior.

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en sentenza da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo de 18 de decembro de 2020, desestimou o recurso pero fixou unha doutrina xurídica de transcendental importancia. A Sala confirmou que a lexislación mineira non permite modular o prazo de trinta anos establecido de forma imperativa no artigo 62.1 da Lei 22/1973, de 21 de xullo, de Minas, así como no artigo 29 da Lei de Ordenación Mineira de Galicia. Non obstante, a Sala estableceu unha vinculación esencial entre o prazo da concesión e a viabilidade técnica e ambiental acreditada: se a empresa só acreditou a viabilidade da explotación por dez anos mediante o proxecto técnico achegado, e a Declaración de Impacto Ambiental se limitou a verificar as labores mineiras propostas durante ese mesmo prazo decenal, "o que procedía era denegar a solicitude" en lugar de conceder a concesión por un prazo inferior ao legal. A





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

sentenza do TSXG razoou de forma contundente que "se non quedou acreditada con rigor a viabilidade da explotación polo prazo de trinta anos, senón de dez, o que procedía era denegar a solicitude nos termos en que foi formulada e, despois, valorada pola DIA". A Sala non anulou a resolución administrativa unicamente para evitar unha prohibida "reformatio in peius" que prexudicase á única parte recorrente, pero deixou establecido un principio xurídico fundamental: non se pode conceder unha concesión mineira por un prazo para o cal non existe acreditación técnica nin avaliación ambiental suficiente.

Este pronunciamento foi confirmado e reforzado pola sentenza do Tribunal Supremo de 2 de febreiro de 2022, que resolveu o recurso de casación número 1550/2021 interposto pola empresa contra a sentenza do TSXG. A Sala Quinta do Contencioso-Administrativo do Alto Tribunal desestimou o recurso e fixou xurisprudencia vinculante sobre a materia, establecendo que "resulta fundamental atender á finalidade destes permisos de explotación e os requisitos esixidos pola lexislación mineira, de forma que o prazo que se esixe para a súa concesión debe considerarse unha garantía do interese público na explotación dos recursos naturais". O Tribunal Supremo subliñou que a lexislación mineira exige que con toda solicitude de concesión se achegue un proxecto de aproveitamento que inclúa "memoria sobre o sistema de explotación, esquema da infraestrutura, programa de traballo, orzamento das inversións a realizar e estudo económico da súa rendibilidade, e fontes de financiamento, coas garantías que se ofrezan sobre a súa viabilidade", e que "as esixencias dos requisitos destes proxectos de explotación poñen de manifesto a transcendencia que lle confire o propio Lexislador, acorde á relevancia que o mesmo ten para a viabilidade da concesión, que constitúe un dos presupostos destas concesións".

O Tribunal Supremo estableceu de forma taxativa que "non cabe considerar que se poidan outorgar concesións cuxos proxectos de explotación comezan xa por limitar ao aspecto temporal de dita explotación, é dicir, da concesión, a un prazo inferior ao establecido imperativamente pola Lei". E, en pronunciamento de especial relevancia



para o caso presente, o Alto Tribunal vinculou expresamente o prazo da concesión mineira co prazo da Declaración de Impacto Ambiental que a avalou, establecendo que "sendo preceptiva para a explotación de tales recursos a DIA, a achegada ao procedemento estaba tamén fundada nun aproveitamento polo mencionado prazo de 10 anos; cuestión que reforza a interpretación que se sostén, dado que o aspecto temporal de dito instrumento medioambiental non é intrascendente, como evidencia, con toda lóxica, o artigo 35.1.a) da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación Ambiental". O Tribunal Supremo concluíu de forma definitiva que "se a recorrente solicitou a concesión coa finalidade de limitar a súa explotación a un prazo de 10 anos e, a eses efectos, achegou o preceptivo proxecto de explotación referido ao mencionado prazo, non era posible que se outorgara a concesión por un prazo superior".

Esta doutrina xurisprudencial, firme e vinculante, establece tres principios fundamentais de ineludible aplicación ao caso presente: primeiro, que as concesións de explotación de recursos mineiros da Sección C deben outorgarse obrigatoriamente por un prazo de trinta anos, sen que sexa posible modular este prazo á vontade do solicitante ou da Administración; segundo, que o proxecto técnico de explotación debe acreditar a viabilidade da explotación polo mencionado prazo de trinta anos, e que se non existe tal acreditación técnica, "o que procedía era denegar a solicitude"; e terceiro, e especialmente relevante para o caso presente, que "o aspecto temporal do instrumento medioambiental non é intrascendente", polo que a Declaración de Impacto Ambiental debe estar referida ao mesmo prazo temporal que a concesión mineira que avaliza. En consecuencia, unha concesión por trinta anos require obrigatoriamente unha avaliación de impacto ambiental que acredite a viabilidade ambiental do proxecto durante ese período de trinta anos, e non se pode estender o prazo dunha concesión sen actualizar a correspondente avaliación ambiental.

O marco xurisprudencial que condiciona a legalidade da prórroga concedida á mina San Juan refórzase de forma decisiva coa recente sentenza do Tribunal Superior de



Xustiza de Galicia de 7 de xuño de 2024, que anulou a autorización de explotación da mina de Penouta, en Viana do Bolo, Ourense, por omisión dunha adecuada avaliación de impactos sobre os espazos da Rede Natura 2000. Esta sentenza, ditada pola Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo, estableceu principios de dereito ambiental que resultan directamente aplicables ao caso da mina San Juan e que evidencian a ilegalidade da prórroga concedida pola Xunta sen nova avaliación de impacto ambiental.

A aplicación desta doutrina xurisprudencial ao caso da mina San Juan resulta ineludible e revela a gravidade das omisións da Xunta de Galicia. A mina San Juan sitúase a escasamente un quilómetro da Zona de Especial Conservación Pena Maseira, integrada na Rede Natura 2000, e a dous quilómetros da fronteira con Portugal, inmediatamente augas arriba do Parque Natural de Montesinho, espazo tamén da Rede Natura 2000 e da Reserva da Biosfera Transfronteiriza da Meseta Ibérica. A explotación prevé a extracción a ceo aberto de grandes volumes de material mediante escavadoras e camiós, actividades que inevitablemente xeran emisións de po, ruído, vibracións e movementos de terra de gran magnitude. Tanto Ecoloxistas en Acción como o Movemento Uivo portugués alertaron de que a explotación mineira tería "impactos severos sobre o río Rabaçal, ao que ten previsto verter augas con altas concentracións de metais pesados sen ningún tipo de tratamento", augas que desembocan directamente en territorio portugués afectando ao Parque Natural de Montesinho e ás poboacións situadas augas abaixo.

A sentenza do TSXG sobre a mina de Penouta establece que a Administración ten a obriga de esixir avaliacións rigorosas de impactos sobre a Rede Natura 2000 "incluso encontrándose o proxecto situado fora dos espazos protexidos", sempre que exista un "impacto evidente" derivado de emisións de po, metais pesados, ruído e vibracións. No caso da mina San Juan, non existe ningunha avaliación actualizada destes impactos, xa que a Declaración de Impacto Ambiental de 2015 caducou en 2019 tras catro anos de vixencia, e a prórroga de trinta anos foi concedida en 2022 sen someter o proxecto a unha nova avaliación de impacto ambiental ordinaria que valorase os efectos sobre a Rede





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Natura 2000, os cursos de auga transfronteirizos e a saúde das poboacións afectadas. Esta omisión constitúe unha vulneración directa da Directiva Hábitats, da Lei 42/2007 de Patrimonio Natural e Biodiversidade, e do principio de precaución consagrado no artigo 191 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, así como un incumprimento das sentenzas firmes do Tribunal Supremo e do propio TSXG que establecen a obrigatoriedade de avaliación ambiental para prorrogas de concesións mineiras.

A prórroga de trinta anos concedida pola Xunta de Galicia á concesión mineira San Juan número 5226, mediante acordo administrativo publicado no Diario Oficial de Galicia o 27 de decembro de 2022 e activada en 2025 co inicio dos traballos de campo, constitúe unha vulneración frontal e deliberada das sentenzas firmes do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e do Tribunal Supremo que estableceron de forma inequívoca os requisitos xurídicos para calquera prórroga ou extensión temporal dunha concesión mineira. Esta actuación administrativa configura un suposto de administración desobediente ás resolucións xudiciais que pode dar lugar a responsabilidades administrativas e penais dos altos cargos que ditaron a resolución ilegal.

Como quedou acreditado, a Declaración de Impacto Ambiental emitida en 2015 avalaba unicamente a explotación mineira durante un prazo de dez anos, e esta DIA caducou legalmente en 2019 tras catro anos de vixencia conforme ao artigo 35.1.a) da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación Ambiental. A pesar desta caducidade acreditada e do pronunciamento expreso do Tribunal Supremo sobre a vinculación temporal ineludible entre a concesión mineira e a avaliación de impacto ambiental que a avaliza, a Xunta de Galicia concedeu en 2022 unha prórroga de trinta anos á concesión sen tramitar ningunha nova avaliación de impacto ambiental ordinaria que acreditase a viabilidade ambiental do proxecto para ese novo horizonte temporal de trinta anos. O Tribunal Supremo estableceu de forma taxativa que "o aspecto temporal do instrumento medioambiental non é intrascendente", e que unha concesión por trinta anos require unha avaliación ambiental referida a ese mesmo prazo. A prórroga concedida en 2022 ignora





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

completamente este pronunciamento xudicial firme e converte á Administración autonómica nunha administración desobediente ás resolucións dos tribunais.

A gravidade desta actuación incrementase pola magnitude substancialmente ampliada do proxecto. Mentres que a concesión orixinal de 2015 contemplaba a extracción de aproximadamente 50.000 a 60.000 toneladas de mineral, a empresa anunciou en 2025 que as estimacións de reservas alcanzaban case un millón de toneladas, o que representa unha ampliación de case vinte veces o volume inicialmente previsto. Esta variación tan substancial da envergadura da explotación reforzaría, se cabe, a necesidade ineludible dunha nova avaliación de impacto ambiental completa e actualizada que valorase os efectos acumulativos e sinérgicos dunha explotación de tal magnitude sobre os espazos protexidos da Rede Natura 2000, os recursos hídricos transfronteirizos e a saúde das poboacións afectadas tanto en Galicia como en Portugal. A ausencia desta avaliación actualizada, en contra do establecido polas sentenzas firmes do Tribunal Supremo e do TSXG, converte a prórroga concedida nunha resolución radicalmente nula de pleno dereito.

A existencia de sentenzas firmes do Tribunal Supremo e do TSXG que establecen de forma inequívoca os requisitos xurídicos para prorrogas de concesións mineiras, e a decisión consciente da Administración autonómica de conceder a prórroga ignorando eses pronunciamentos xudiciais, evidencian o coñecemento da inxustiza da resolución ditada.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

1. En que fundamentación xurídica se baseou a Xunta para conceder a prórroga de 30 anos á mina San Juan, sendo que o Tribunal Supremo establece expresamente que "a





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

prórroga require nova avaliación de impacto ambiental" e que "si non quedou acreditada a viabilidade por 30 anos, procede denegar a solicitude"?

2. Por que motivo a Xunta non tramitou unha nova Avaliación de Impacto Ambiental antes de conceder a prórroga, sendo obrigatoria segundo a Lei 21/2013 e a xurisprudencia do Tribunal Supremo?

3. Como xustifica a Xunta que a DIA de 2015 (caducada en 2019) sexa válida para cubrir 30 anos de explotación mineira, violando así o pronunciamento do Tribunal Supremo sobre o "aspecto temporal" inalterable das DIA?

4. Solicitou a Xunta informe legal previo ao Servizo Xurídico da Administración sobre a legalidade da prórroga fronte ás sentenzas do TSXG e Tribunal Supremo?

5. Por que motivo a empresa iniciou movementos de terra e traballos mineiros en outubro de 2025 sen dispoñer dunha DIA vixente e válida?

6. Existe algún pronunciamento legal da Xunta autorizando a continuación dos traballos con DIA caducada?

7. Realizou a Xunta consulta formal coas autoridades ambientais portuguesas sobre os potenciais impactos da mina sobre os cursos de auga transfronteirizos?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 26/12/2025 10:52:53

Secundino Fernández Fernández na data 26/12/2025 10:53:04

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 26/12/2025 10:53:12

Luis Bará Torres na data 26/12/2025 10:53:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 10:54:10
Nº Rexistro: 42784
Data envío: 26/12/2025 10:54:10.566



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 10:54:10
Nº Rexistro: 42784
Data envío: 26/12/2025 10:54:10.566

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/12/2025 10:54:11

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Oscar Insua Lema, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a o abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a violación da soberanía da República Bolivariana de Venezuela por parte dos Estados Unidos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno dos Estados Unidos, liderado por Donald Trump, acaba de declarar, de xeito ilegal e unilateral, o peche do espazo aéreo da República Bolivariana de Venezuela, que representa unha clara violación da súa soberanía. Esta medida, anunciada sen ningún aval xurídico, supón unha inxerencia ilícita sen precedentes, coa pretensión de suplantar as autoridades lexítimas aeronáuticas, tanto venezolana (INAC) como da Organización de Aviación Civil Internacional (OACI).

Con esta actuación, o goberno dos Estados Unidos pon en perigo a seguridade da aviación civil na rexión e actúa como unha potencia colonial, ditando normas sobre un territorio alleo. Constitúe unha violación flagrante da soberanía nacional venezolana, do Dereito Internacional e dos principios da Carta das Nacións Unidas, e representa un paso máis no crecente desprezo polas normas internacionais que caracteriza o imperialismo estadounidense.

Este bloqueo arbitrario limita a posibilidade de voos de repatriación de cidadáns venezolanos desde os Estados Unidos, o abandono de miles de persoas que non poden saír nin entrar en Venezuela, entre elas persoas galegas e do Estado español. Os Estados Unidos pretenden fomentar a imaxe de caos e illamento, nunha guerra psicolóxica contra o pobo e o goberno venezolanos, con consecuencias imprevisíbeis para a paz, a seguridade e a estabilidade no Caribe e América Latina.



Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

- Cal é a posición do goberno galego en relación coa inxerencia na soberanía de Venezuela por parte dos Estados Unidos?
- Ten previsto o goberno galego pronunciarse publicamente en relación con este atropelo á soberanía da República Bolivariana de Venezuela?
- Ten previsto o goberno galego levar a cabo algunha actuación para protexer os cidadáns e cidadás galegas afectadas polo peche do espazo aéreo de Venezuela?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 26/12/2025 10:57:36

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/12/2025 10:57:44

Óscar Insua Lema na data 26/12/2025 10:57:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 10:58:34
Nº Rexistro: 42805
Data envío: 26/12/2025 10:58:34.048

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/12/2025 10:58:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 10:58:34
Nº Rexistro: 42805
Data envío: 26/12/2025 10:58:34.048

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 11:04:38
Nº Rexistro: 42813
Data envío: 26/12/2025 11:04:38,020

Asinado o día 26/12/2025 ás 11:04
Por Olalla Rodil Ferné

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Xosé Manuel Golpe Acuña e Olalla Rodil Fernández, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre a xestión da residencia de maiores do Bertón no Concello de Ferrol.

Asinado o día 26/12/2025 ás 11:03
Por José Manuel Golpe Acuña

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A día de hoxe o 30% da poboación do concello de Ferrol ten máis de 65 anos, por enriba da media galega. O envellecemento da nosa sociedade é un feito evidente xa que no ano 2000 esa porcentaxe non pasaba do 20%.

Este dato debería facernos reflexionar sobre os recursos que precisamos para atender as nosas necesidades presentes e futuras de atención e coidados, recursos e modelo de xestión.

Vimos durante a pandemia como varias residencias de maiores xestionadas por empresas privadas tiveron que ser intervidas, e vimos aínda recentemente como actuacións da inspección de traballo provocaban o peche de residencias privadas de maiores polas malas condicións do persoal e das persoas usuarias.

E redundando nisto, precisamente estes días puidemos coñecer unhas declaracións do CEO dun hospital xestionado pola empresa Ribera Salud que deixa ben as claras como os intereses empresariais se antepoñen aos dereitos máis básicos das persoas, neste caso á saúde.

Asinado o día 26/12/2025 ás 11:03
Por Ramón Fernández Alfonzo





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Desde o BNG non temos dúbidas de que o dereito á saúde, e na mesma medida o dereito a unha vellez digna, deben ser garantidos e protexidos polo goberno a través de sistemas públicos financiados solidariamente polo conxunto da sociedade a través dos orzamentos.

Financiar con diñeiros públicos un sistema tan importante e sensíbel para despois deixalo en mans das empresas privadas non deixa de ser unha irresponsabilidade totalmente contrastada por feitos. O sistema debe estar baseado nunha rede de centros xestionados pola propia administración. Só deste xeito pode garantirse a calidade do servizo e a atención das persoas maiores conforme a criterios socio-sanitarios en exclusiva, sen interferencias nin intereses empresariais alleos.

Mais a política do Partido Popular é precisamente a contraria aos intereses xerais da poboación, e sempre supedita a prestación dos servizos públicos básicos a eses intereses empresariais alleos.

O apoio da Xunta á patronal das residencias privadas de maiores durante o seu conflito coas empregadas que reclaman salarios e condicións de traballo dignas deixa en evidencia os intereses que defende o Partido Popular, do mesmo xeito que a súa reiterada negativa a aumentar o rateo de persoal/usuarios, elementos chaves ámbolos dous da calidade do servizo.

A intención de conceder a xestión da residencia de maiores do Bertón, no Concello de Ferrol, unha residencia pública, a unha empresa privada, é unha nova mostra desta entrega dos nosos coidados aos intereses das empresas privadas.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

1. Coñece a Xunta de Galiza a situación demográfica do Concello de Ferrol?
2. Coñece a Xunta de Galiza a falta de recursos para atender ás persoas maiores do Concello e da comarca de Ferrol?
3. Por que malia todas as evidencias acumuladas no tempo sobre os problemas da xestión privada dos recursos públicos segue a Xunta do Partido Popular antepoñendo os intereses empresariais aos dereitos das persoas maiores?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 26/12/2025 11:03:47

José Manuel Golpe Acuña na data 26/12/2025 11:03:54

Olalla Rodil Fernández na data 26/12/2025 11:04:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 11:04:38
Nº Rexistro: 42813
Data envío: 26/12/2025 11:04:38.020

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/12/2025 11:04:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 11:04:38
Nº Rexistro: 42813
Data envío: 26/12/2025 11:04:38.020

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Oscar Insua Lema e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre a suspensión total da autorización das zonas E8, B e D das rías galegas como puntos de vertido de materias procedentes de dragaxes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tal e como temos manifestado en iniciativas anteriores, rexistradas e mesmo debatidas no Parlamento galego, o Bloque Nacionalista Galego rexeita a utilización como zonas de vertedura de lodos de dragaxes os puntos pretos ás bocas das rías de Arousa, Pontevedra e Vigo, o xa existente E8 e os aprobados recentemente como puntos B e D, por tratarse de áreas de alto valor ambiental e grande importancia socioeconómica.

Nos estudos e informes remitidos a este Grupo Parlamentario no pasado mes de abril, como consecuencia da petición dos mesmos polo artigo 9 do Regulamento da Cámara, así como noutros remitidos polo Goberno español ao noso representante no Congreso, recoñécese, precisamente, a importancia da conservación do medio natural e da preservación das especies de fauna e flora e que as áreas en estudo teñen un alto valor ambiental para a conservación de aves, cetáceos e fauna mariña.

Aínda así, tanto o Ministerio de Transición Ecolóxica como o propio Portos de Galiza seguiron a considerar viábeis as novas ubicacións, despois de se teren desautorizado os depósitos de vertidos de dragaxe na anterior (E8), precisamente, por





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

motivos ambientais cando xa se acumularan durante décadas máis de 3 millóns de metros cúbicos de material de dragaxe, para situar o novo punto de vertido (B) a menos de 2 quilómetros do descartado.

No propio informe remitido a Portos de Galiza pola Subdirección Xeral de Biodiversidade Terrestre e Mariña (SXBTM) no pasado mes de abril explicitase que o vertido de material de dragado constitúe unha fonte de afección ao medio mariño, principalmente, polas partículas en suspensión e o lugar final de sedimentación, a posibilidade de vertidos noutros lugares durante o transporte, a afectación que todo isto tería na fauna e flora mariñas, ademais da posibilidade de propagación de especies invasoras. En definitiva, determínase que as novas zonas propostas son “máis adecuadas” que a descartada E8, mais non se consideran nin inocuos nin faltos de perigo os novos puntos de vertedura.

Tamén se reconece que existen moitos parámetros que non foron obxecto de estudo e considérase que debe ser obxecto de avaliación cada proxecto de vertedura concreto. Claramente, o informe deixa claros os riscos ambientais, e a falta de información e estudos sobre determinados aspectos e consecuencias, polo que resulta incomprensíbel que se continuase adiante coa autorización de vertidos na área e que, obviando o principio de precaución, se autorizase o depósito de lodos procedentes de dragados.

Precisamente, chama poderosamente a atención que no citado informe non se avalíen ou estuden as consecuencias socioeconómicas nin a afección aos caladoiros e á actividade pesqueira e nin sequera se tivese en conta o rexeitamento aos puntos de dragado trasladado por distintos colectivos do mar.

No día de onte vén de transcender ademais que a frota galega de arrastre e do cerco rexeita os novos puntos de vertido porque lles “afectan de forma directa”. Representada na OPP-08, Opromar (Organización de Produtores de Pesca do Porto e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ría de Marín), denuncia que a afectación a actividade pesqueira que se desenvolve nas rías non se tivo en conta na avaliación da ubicación dos puntos de vertido. Nomeadamente, din que a zona B é unha “praia de traballo diaria” para os arrasteiros, onde se explotan recursos de gran interese comercial, como a raia, o linguado, a pescada, o polbo, etc. E que a zona D, fronte á ría de Vigo, sitúase xusto a partir da profundidade mínima onde a modalidade do arrastre pode operar.

No escrito que veñen de dirixir á Subdirección Xeral de Biodiversidade Terrestre e Mariña, conclúen que non poden valorar ningunha das zonas autorizadas para vertidos dragados como adecuada pola “importante afectación” que terían sobre as súas zonas de traballo e solicítanlle que teña en conta as súas observacións antes de consolidar definitivamente as novas zonas de vertido.

En definitiva, aos riscos e afeccións ambientais recollidos no informe que a SXBTM remitiu en abril a Portos de Galiza, súmanse agora as negativas consecuencias que as zonas escollidas para verter os materiais de dragaxe terían para a actividade e o sector pesqueiro, acuciado xa por múltiples normas, prohibicións, restricións e ameazas diversas.

Polo tanto, aínda que é preciso avanzar nos dragados pendentes, non se poden aceptar prexuízos nin danos, tanto medioambientais como socioeconómicos, especialmente para o sector pesqueiro. Así pois, cómpre implementar outras alternativas, incluída a posibilidade do tratamento en terra dos lodos extraídos para non afectar aos ecosistemas das rías, á fauna e á actividade pesqueira.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que valoración fai o Goberno galego dos informes que alertan sobre a falta de avaliación de distintos aspectos en relación coas consecuencias do depósito de materiais de dragaxe nas rías galegas, nomeadamente nos puntos E8, B e D?

. Que valoración fai das denuncias públicas que vén de facer a frota galega, neste caso a representada pola OPP-08/Opromar?

. Considera que, atendendo ao principio de precaución, debéranse desautorizar os vertidos de dragaxe nos puntos E8, B e D?

. Cal é motivo polo que non se realizaron avaliacións sobre as consecuencias socioeconómicas dos novos depósitos de vertidos?

. Por que razón non se advertiu dende a Consellaría de Mar que as ubicacións que se resolveron como finais para o depósito de dragaxes son zonas habituais de pesca da frota galega?

. Ten realizado ou ten coñecemento de estudos que avalíen directamente os efectos sobre os caladoiros pesqueiros e a afectación á actividade pesqueira dos depósitos de vertidos? De non ser así, considera necesario levar a cabo algún?

. Vai solicitar ao Goberno español a suspensión total da recente autorización das zonas E8, B e D como puntos de vertido de lodos dragados, cando menos ata que existan os informes que conclúan que non supoñen afectación ambiental e para a actividade e o sector pesqueiro galego?

. Vai solicitar un estudo de alternativas para eses depósitos fóra das rías galegas?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 26/12/2025 11:07:59

Carmela González Iglesias na data 26/12/2025 11:08:14

Daniel Castro García na data 26/12/2025 11:08:21

Óscar Insua Lema na data 26/12/2025 11:08:37

Paulo Ríos Santomé na data 26/12/2025 11:08:45



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/12/2025 11:09:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 11:09:38
Nº Rexistro: 42815
Data envío: 26/12/2025 11:09:38,862

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 11:14:12
Nº Rexistro: 42817
Data envío: 26/12/2025 11:14:12.889

Asinado o día 26/12/2025 ás 11:13
Por Montserrat Valcárcel

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Valcárcel Armesto e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a redución a un único equipo médico a atención do PAC de Meira.

Asinado o día 26/12/2025 ás 11:13
Por María Montserrat Prado Cores

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Persoal sanitario do PAC de Meira puxo en coñecemento do G.P. do BNG a decisión da Consellaría de Sanidade de reducir a un único equipo médico a atención sanitaria deste centro que, cómpre lembrar, presta servizo a seis concellos (Meira, Pol, Ribeira de Piquín, Riotorto, A Pontenova e Pastoriza).

Segundo nos transmitiron, a pasada fin de semana (6 e 7 de decembro) a facultativa de garda tivo artender 60 pacientes no propio centro ademais das saídas a domicilio, algunha de até 2 horas. Un feito que non é puntual senón que vén reiterándose no tempo o que fai pensar que a decisión do goberno do Partido Popular é deixar este centro, en horario de PAC, cun único equipo. Algo absolutamente inxustificable que deixa nunha situación precaria a poboación desta área do interior de Lugo cunha importante poboación envellecida e unha grande extensión xeográfica.

Asinado o día 26/12/2025 ás 11:13
Por Olalla Rodil Fernández

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Vai recortar a Xunta de Galiza o persoal do PAC de Meira e manter un único equipo médico de maneira permanente?

- Cre a Xunta de Galiza que se pode prestar unha atención sanitaria de calidade nestas condicións?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 26/12/2025 11:13:05

María Montserrat Prado Cores na data 26/12/2025 11:13:19

Montserrat Valcárcel Armesto na data 26/12/2025 11:13:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 11:14:12
Nº Rexistro: 42817
Data envío: 26/12/2025 11:14:12.889

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/12/2025 11:14:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 11:14:12
Nº Rexistro: 42817
Data envío: 26/12/2025 11:14:12.889

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 26/12/2025 ás 11:18
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Valcárcel Armesto, Rosana Pérez Fernández e Luis Bará Torres, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a seguridade no litoral ante o risco de maremotos en Galiza.

Asinado o día 26/12/2025 ás 11:18
Por Rosana Pérez Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O litoral de Galiza, con máis de 2.100 quilómetros de costa e unha forte concentración de poboación, infraestruturas críticas e actividades económicas nas rías, figura entre as zonas do Estado con risco significativo ante maremotos, con estimacións oficiais de ondas de ata case 2 metros asociadas a eventos no Banco de Gorringe e con tempos de chegada inferiores ás dúas horas segundo o Plan Estatal de Protección Civil ante o Risco de Maremotos aprobado en 2021. A isto engádese o risco, subliñado por especialistas como o xeólogo e catedrático emérito Juan Ramón Vidal Romaní, de tsunamis cunha orixe máis próxima no Cantábrico, que poderían impactar a costa en cuestión de minutos, reducindo drasticamente a marxe de reacción efectiva das autoridades e da poboación.

Ao mesmo tempo, o Plan Estatal de Maremotos establece unha arquitectura xeral de alerta temperá e de coordinación entre administracións, mais deixa a desenvolvemento das comunidades autónomas a elaboración dos correspondentes plans especiais e a implantación de medidas concretas de sinalización, información pública, ordenación territorial e plans de evacuación adaptados ás súas realidades costeiras. No caso galego, a Xunta ve de aprobar unha actualización do Plan Especial de Protección

Asinado o día 26/12/2025 ás 11:18
Por Montserrat Valcárcel Armesto



Civil ante o Risco de Terremotos (SISMIGAL), centrado na perigosidade sísmica e na resposta fronte a movementos telúricos, mais sen incorporar un desenvolvemento específico do risco de maremotos nin protocolos detallados de alerta, evacuación e autoprotección orientados á poboación do litoral.

Pola súa parte, a Lei 4/2023, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galiza, fai referencia á necesidade de ter en conta os riscos e ameazas que afectan aos ecosistemas mariño-costeiros e ás actividades que se desenvolven no litoral, e prevé instrumentos como os plans de ordenación de rías e praias, pero non concreta obrigas claras en materia de análise de risco de maremotos, limitación de usos en zonas especialmente expostas nin criterios de deseño urbano e infraestrutural orientados á resiliencia fronte a este tipo de eventos. Esta combinación de alta exposición, ausencia de planificación específica fronte a maremotos e falta de cultura de risco entre a cidadanía crea unha situación na que un evento de baixa probabilidade podería ter consecuencias moi graves en termos de vítimas, danos materiais e afectación de servizos esenciais.

En consecuencia, resulta necesario que o Goberno galego dea explicacións detalladas sobre o grao real de preparación de Galiza ante un posible maremoto, sobre a súa estratexia para adaptar a normativa autonómica e a planificación de emerxencias ao marco estatal de maremotos e á evidencia científica máis recente, así como sobre as medidas previstas para garantir que a poboación litoral conte con información, sinalización e protocolos claros de actuación.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión

2ª:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dispón a Xunta de Galicia dun protocolo específico e diferenciado para a alerta e prevención de maremotos orixinados no Cantábrico, adaptado ás características xeolóxicas e xeográficas das rías galegas?

Por que non está integrado este protocolo no SISMIGAL ou noutro documento de protección civil de rango autonómico equivalente?

Que sistemas de alerta en tempo real ten implementados a Administración galega para notificar á poboación ante o risco de maremoto?

Estanse coordinando coa Red Sísmica Nacional e coas autoridades de Protección Civil estatal para recibir avisos con suficiente antelación?

Existe un proxecto de sinalizacións claras nas zonas litorais de maior densidade poboacional para indicar rutas de evacuación en caso de tsunami?

Que municipios costeiros as teñen implementadas?

Cando se prevé completar este traballo?

Que campañas de concienciación e educación sobre o risco de maremotos se están realizando en Galiza?

Está planificada unha estratexia de comunicación específica para a poboación litoral sobre como actuar ante este risco?

Está prevista a revisión da Lei 4/2023 de Ordenación e Xestión Integrada do Litoral para incluír criterios de seguridade ante maremotos nos Plans Especiais de Praias e na ordenación xeral do litoral?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que mecanismos de coordinación existen entre a Xunta, os Concellos costeiros, Protección Civil estatal e o Instituto Xeográfico Nacional para garantir unha resposta coordinada ante un evento de maremoto?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 26/12/2025 11:18:14

Rosana Pérez Fernández na data 26/12/2025 11:18:31

Luis Bará Torres na data 26/12/2025 11:18:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 11:19:19
Nº Rexistro: 42832
Data envío: 26/12/2025 11:19:19.451

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/12/2025 11:19:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 11:19:19
Nº Rexistro: 42832
Data envío: 26/12/2025 11:19:19.451

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación sanitaria no centro de saúde do concello das Neves que ocasiona problemas de atención na veciñanza que o precisa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os concellos da comarca do Condado están sufrindo unha situación sanitaria crítica, con prazas vacantes de Medicina de Familia e carecendo as mesmas de estabilidade, igual que acontece coa Pediatría e cunha clara desatención ás persoas doentes adscritas aos centros de saúde.

Na actualidade a praza de Pediatra no centro de saúde das Neves é compartida co concello de Arbo, polo tanto non atende en xornada completa pese a ter cupo suficiente de nenos e nenas ata os 14 anos. Cando a Pediatra non se atopa na consulta as familias deben dirixirse ao centro de saúde de Pontearreas, ou ás urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro, de máis de 50 kms. nalgúns casos. Durante o verán tiveron a consulta pechada por estar de vacacións e o Sergas en ningún momento mandou substituto/a.

Con respecto á Medicina de Familia, As Neves conta no seu centro de saúde con tres prazas da especialidade, unha delas está cuberta, a segunda o está tamén pero a titular permanece de baixa laboral e a terceira o seu titular ten unha redución de xornada polo que tan só consulta tres días ao mes. Este mes de decembro, tan só hai unha consulta funcionando. Esta situación estase a dar dende o mes de xuño, non habendo ningún tipo de

Asinado o día 26/12/2025 ás
11:22
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 26/12/2025 ás
11:22
Por Cristina Fernández Davila





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

cambio dende entón, chegando no mes de agosto, a non ter médico nalgunha xornada debido ás vacacións do único facultativo que atende de xeito permanente.

As axendas dixitais levan meses pechadas e as citas que se conseguen de xeito presencial tardan semanas. Este luns daban cita para unha consulta do médico de cabeceira para o 15 de xaneiro, para receitas a veciñanza ten que esperar dez días e mais dun mes para realizar unha analítica. A estas alturas xa teñen que facer unha triaxe inicial para decidir que casos teñen prioridade de consulta, como se dun PAC se tratase.

Como podemos ver este Concello do Condado, atópase nunha situación de caos debido á non cobertura das vacantes de persoal, a non substituír as sanitarias que están de baixa, permiso e vacacións, con maior incidencia neste mes de Nadal, non acadando a atención áxil e debida que merece o conxunto da veciñanza.

Agora, o médico de cabeceira deberá pechar a súa consulta se hai algunha urxencia domiciliaria á que deba acudir, quedando o centro de saúde sen unha atención prioritaria para as persoas doentes. Ademais haberá un colapso importante se o único médico pasa a outra situación laboral por permiso, vacacións ou baixa, pasando como noutras ocasións en Salvaterra de Miño, que tiveron que colgar o cartel de “Hoxe non hai médicos”

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Que accións pensa levar a cabo o Goberno Galego para garantir os dereitos sanitarios da poboación do concello das Neves e dotar ao centro de saúde de suficientes Médicos/as de Familia e Pediatras estables?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Vai o goberno da Xunta proceder á substitución do persoal facultativo, de enfermaría e persoal non sanitario en situación de baixas laborais, vacacións e permisos e así prestar unha atención sanitaria de boa calidade á poboación do concello das Neves?

- Van suprimir a atención preventiva a persoas que padecen enfermidades crónicas, como por exemplo a diabetes por falta de efectivos suficientes?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 26/12/2025 11:22:00

María Montserrat Prado Cores na data 26/12/2025 11:22:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 11:22:44
Nº Rexistro: 42834
Data envío: 26/12/2025 11:22:44.250

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 11:22:44
Nº Rexistro: 42834
Data envío: 26/12/2025 11:22:44.250

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/12/2025 11:22:45

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 11:45:25
Nº Rexistro: 42846
Data envío: 26/12/2025 11:45:25.457

Asinado o día 26/12/25
11:44
Por Olalla Rodil Ferné

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Xosé Manuel Golpe Acuña e Olalla Rodil Fernández, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre os problemas no CAPD Souto de Leixa no Concello de Ferrol.

Asinado o día 26/12/2025 ás
11:44
Por José Manuel Golpe Acuña

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A xestión do Centro de atención a persoas con discapacidade Souto de Leixa, un centro público da Consellaría de Política social situado no Concello de Ferrol, foi adxudicado á entidade FUNDACIÓN HOSPITALARIAS o pasado día 9 de maio do 2025.

Este centro era xestionado desde o ano 2010 pola empresa CLECE, cando a Xunta tomou a decisión de privatizar a xestión do centro, comezando nese momento a degradación dun servizo que adoece de numerosos e graves problemas, e provocando as queixas das familias das persoas residentes, do persoal traballador, e mesmo de diferentes entidades e sindicatos da comarca de Ferrol que deron lugar ao nacemento da plataforma Agora Souto na defensa dos dereitos das persoas residentes, así como a mobilizacións e manifestos públicos.

Con certeza estas mobilizacións están na orixe do cambio na xestión do centro mais temos que dicir que 7 meses despois da entrada da nova entidade adxudicataria as eivas máis importantes seguen sen atenderse.

Asinado o día 26/12/2025 ás
11:44
Por Ramón Fernández Alfonzo





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Non deixa de ser a constatación do que era previsíbel á vista do continuísmo dos pregos sobre rateo de persoal, e da falta de compromisos e dilixencia da Xunta de Galiza respecto das infraestruturas do centro.

A falta de persoal segue a ser a causa principal das continuas agresións e incidentes violentos, como acreditan as visitas case diarias da policía ás instalacións do centro, así como de outros problemas do servizo xa coñecidos.

E o mal estado do centro, con filtracións e pingueiras en diferentes pavillóns, atascos continuos en baños debido ao mal estado das tubaxes, falta de camas articuladas, falta de guindastre para acceder ao vaso terapéutico, mal estado da maquinaria da cociña (forno, tren de lavado, mesa quente...), un único ascensor que non funciona, etc, é responsabilidade inexcusábel da Xunta de Galiza como titular do centro.

Problemas coa medicación, violencia, falta de medios para os coidados básicos ou para os obradoiros, pingueiras, atascos continuos nos baños.... eivas graves que en conclusión significan a imposibilidade de que as persoas residentes no Souto de Leixa leven unha vida digna.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- 1 Por que non actúa a inspección da Xunta no CAPD Souto de Leixa?
- 2 Como explica a Xunta de Galiza o estado das instalacións?
- 3 É consciente a Xunta de Galiza de que os ratios de coidadores estipulados no prego de contratación non chegan para cubrir o servizo co persoal que a propia Xunta recomenda?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza

4 Ten revisado a Xunta de Galiza as condicións de seguridade e os protocolos de emerxencia do centro?

5 Cantas agresións con lesións graves se teñen producido nos 3 últimos anos?

6 Investíganse estas agresións? Por que aumentan no horario de tarde?

7 Cantas agresións de carácter sexual se teñen producido nos 3 últimos anos?

8 Coñece a Xunta de Galiza o número de falecementos de persoas residentes nos 3 últimos anos? Están claras para a Xunta de Galiza as causas das mortes?

9 Cantas das persoas residentes son tuteladas pola propia Xunta de Galiza? Cantas das persoas falecidas eran tuteladas pola Xunta?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 26/12/2025 11:44:31

José Manuel Golpe Acuña na data 26/12/2025 11:44:39

Olalla Rodil Fernández na data 26/12/2025 11:44:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 11:45:25
Nº Rexistro: 42846
Data envío: 26/12/2025 11:45:25.457



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/12/2025 11:45:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 11:45:25
Nº Rexistro: 42846
Data envío: 26/12/2025 11:45:25.457

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Mercedes Queixas Zas, Oscar Insua Lema e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre as queixas sobre dereitos lingüísticos recollidas no informe anual da Valedora do Pobo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O informe anual presentado pola Valedora do Pobo recolle varias queixas en relación cos dereitos lingüísticos, moitas delas afectan directamente á administración galega, aínda que tamén un número importante está relacionado coa imposibilidade de usar o galego con normalidade na administración xeral do Estado en Galiza.

En concreto, o informe fai referencia a:

- documentación clínica (consentimentos informados) ou instrucións para o persoal do centro de saúde e para o paciente achegadas por un servizo hospitalario de Anatomía Patolóxica sobre a recollida de mostras nos centros de saúde de Atención Primaria da Área Sanitaria da Coruña e Cee).
- falta de atención telefónica en galego por parte de persoas empregadas en empresas municipais ou nunha dependencia do SERGAS na Área Sanitaria de Lugo.
- queixa dun cliente de Iberdrola que solicitara recibir as súas facturas e comunicacións en galego.
- queixa pola negativa de empresas aseguradoras de remitir a póliza ao cliente en galego.
- anuncio do Concello de Ferrol de que redactaría unicamente en castelán todos os contratos que fose licitar.
- queixa sobre a imposición do uso do castelán por parte dun facultativo no curso dunha consulta médica nun centro de saúde.



- queixa por discriminación da lingua galega na documentación, formularios e carteis da Delegación de Facenda en Vigo;

- incumprimento da obriga de uso das linguas cooficiais por unha compañía aérea contratada polo IMSERSO;

- unha reclamación ao Instituto Cervantes por non permitiren realizar a proba de lingua como parte dos trámites para obter a nacionalidade española

- queixa por mor da negativa da Dirección General de Tráfico (DGT) a tramitaren unha reclamación por estaren redactada en galego.

- dúas queixas sobre o uso da toponimia oficial por parte da Axencia Tributaria de Galiza (ATRIGA)

- queixa sobre o topónimo do Sisto, en Dozón.

Loxicamente, non podemos entender o informe da Valedora do Pobo como un relatorio exhaustivo da situación da lingua galega, nin da realidade das persoas que queren facer un uso normal da lingua galega ante as diferentes entidades, empresas e institucións, mais si que recolle queixas que teñen relevancia e das que o goberno galego debe facer acuse de recibo e actuar en relación con elas. Cada unha destas queixas foi recollida e analizada pola oficina da Valedora do Pobo, mais solicitamos que o goberno galego tamén as teña en conta e actúe en consecuencia.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 1ª:

Ten previsto o goberno galego pór en marcha algunha medida en relación coas queixas relacionadas cos dereitos lingüísticos que recolle o informe da Valedora do Pobo para 2024?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 26/12/2025 11:53:40

Daniel Castro García na data 26/12/2025 11:53:46

Mercedes Queixas Zas na data 26/12/2025 11:53:53

Óscar Insua Lema na data 26/12/2025 11:54:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 11:54:45
Nº Rexistro: 42848
Data envío: 26/12/2025 11:54:45,356

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/12/2025 11:54:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 11:54:45
Nº Rexistro: 42848
Data envío: 26/12/2025 11:54:45,356

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 11:59:23
Nº Rexistro: 42850
Data envío: 26/12/2025 11:59:23.845

Asinado o día 26/12/2025 ás 11:58
Por Rosana Pérez Fe

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Xosé Manuel Golpe Acuña e Rosana Pérez Fernández, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre os prexuízos para a pesca que causa a EDAR de Ferrol.

Asinado o día 26/12/2025 ás 11:58
Por José Manuel Golpe Acuña

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Novamente toneladas de refugалlos urbanos estragan artes de pesca na zona do Pieiro, diante do cabo Prioriño Chico, onde verte o emisario submarino da EDAR que da servizo aos Concellos de Ferrol e Narón.

Un dos armadores afectados ven de publicar en redes sociais as fotos que acompaña a unha denuncia presentada perante distintos organismos da Xunta de Galiza e máis perante o SEPRONA, e que dun xeito resumido recolle o seguinte:

“As fotos amosan un episodio de contaminación dunha gravidade extrema, miños completamente destruídos e cubertos por toneladas de refugалlos que non poden ter outra orixe que a EDAR, panos, compresas, tampóns, preservativos, fibras sintéticas, restos de plásticos e mesmo cabelos humanos, un material que non pode proceder de ningunha actividade marítima e ademais do causar un prexuízo económico pola perda dos aparellos, significa tamén un ataque directo ao ecosistema mariño, contaminando o hábitat onde se crian os peixes e mariscos que despois chegan á mesa de todas as persoas consumidoras.

Asinado o día 26/12/2025 ás 11:58
Por Ramón Fernández Alfonzo

O volume, tipoloxía e compactación dos refugалlos, visíbeis tanto nas fotografías do día 1 como nos días posteriores, son a proba irrefutábel dun fallo grave e continuado na depuración das augas residuais vertidas ao mar diante da EDAR de Ferrol.”



Estes fallos aos que alude o armador denunciante veñen producíndose efectivamente dun xeito reiterado e a causa máis probábel, a falta dunha inspección por parte dos organismos competentes, é que as choivas abundantes provocan un aumento do caudal na rede de saneamento da marxe dereita da ría de Ferrol que excede a capacidade de tratamento da EDAR, o que provoca a apertura do sistema e a vertedura incontrolada ao mar de todo o caudal sen o debido tratamento.

É dicir, a causa é o deseño da rede de saneamento, unha rede unitaria que non separa as augas pluviais, unha rede moito menos eficiente, en custos enerxéticos e económicos, e ademais en custos ambientais como evidencian as denuncias de armadores e confrarías. Un deseño do sistema froito dunha decisión, no seu día, do Partido Popular á que aínda se aferra e defende ano tras ano co seu voto en contra das emendas presentadas polo BNG aos sucesivos orzamentos da Xunta demandando a reforma da rede de saneamento para facela separativa.

E isto acontece ao mesmo tempo que as confrarías da ría de Ferrol manifestan a súa preocupación pola campaña de nadal, con un volume de capturas en record negativo.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

1. Por que Augas de Galiza non xestiona directamente a EDAR de Poriño, da súa propiedade, que da servizo á marxe dereita da ría de Ferrol?
2. A que se deben as grandes cantidades de refugallo urbano atopados na zona de vertedura da EDAR do Poriño?
3. Cales son os custos enerxéticos, económicos e ambientais de que a rede de saneamento da marxe dereita da ría de Ferrol non separe as augas pluviais?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

4. Cales son os efectos para o medio e os recursos mariños das verteduras causadas pola rede de saneamento unitaria da marxe dereita da ría de Ferrol?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 26/12/2025 11:58:09

José Manuel Golpe Acuña na data 26/12/2025 11:58:25

Rosana Pérez Fernández na data 26/12/2025 11:58:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 11:59:23
Nº Rexistro: 42850
Data envío: 26/12/2025 11:59:23.845

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 11:59:23
Nº Rexistro: 42850
Data envío: 26/12/2025 11:59:23.845

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/12/2025 11:59:24

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o requirimento da Inspección de Traballo á residencia asistida de maiores, en Oleiros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos días, os medios de comunicación recolleron o requirimento da Inspección de Traballo á dirección da Residencia Asistida de Maiores de Oleiros (RAMO) para introducir melloras urxentes nos protocolos, na organización do traballo e nas instalacións do centro, nomeadamente en materia de seguridade, coincidindo coas denuncias que leva tempo a facer o BNG, concretamente:

- falta de persoal suficiente para atender as persoas residentes,
- inclusión nesta residencia de perfís de residentes que non se corresponden coa formación e preparación do persoal,
- mala situación das instalacións, con perigo tanto para residentes como para o persoal (as obras de renovación que se están a executar non parecen ser suficientes),
- falta de atención personalizada e de actividades de dinamización coas persoas residentes.
- falta de seguridade derivada de todos estes outros elementos.

Asinado o día 26/12/2025 ás
12:10
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 26/12/2025 ás
12:10
Por Iria Taibo Corsanego





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

A Inspección de Traballo, segundo estas informacións, esixiu á Xunta de Galiza reunirse coa representación do persoal, revisar os protocolos de actuación, estudar melloras organizativas e acreditar que as medidas se implantaron, en xaneiro de 2026.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Cal é a valoración que fai o goberno galego sobre a situación da residencia asistida de maiores de Oleiros?
- Ten previsto o goberno galego atender os requirimentos da Inspección de Traballo e corrixir os problemas, laborais, de atención e estruturais da residencia asistida de maiores de Oleiros?
- En que prazo o vai facer?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 26/12/2025 12:10:48

Olalla Rodil Fernández na data 26/12/2025 12:10:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 12:11:24
Nº Rexistro: 42852
Data envío: 26/12/2025 12:11:24.329

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/12/2025 12:11:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 12:11:24
Nº Rexistro: 42852
Data envío: 26/12/2025 12:11:24.329

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 12:14:58
Nº Rexistro: 42854
Data envío: 26/12/2025 12:14:58.815

Asinado o día 26/12/2025 ás 11:49
Por Aitor Bouza Manso

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Aitor Bouza Manso, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

O IES Antón Alonso Ríos de Tomiño necesita unha reforma e ampliación.

E as diversas promesas arrincan desde fai case catro anos.

O 9 de decembro de 2021 a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, sacou a concurso a redacción do proxecto de ampliación e adecuación de espazos educativos e docentes do IES Antón Alonso Ríos, no que se investirían 1.803.035 euros.

O delegado territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra, anunciou ese mesmo día a apertura da fase de contratación deste proxecto, que definirá a mellora dos obradoiros de Formación Profesional e das novas aulas para facer fronte ao incremento de alumnado.

O 8 de setembro de 2022 e a pesar de que a Xunta de Galicia se comprometera a iniciar no ano 2022 as obras de ampliación, anuncian que será finalmente en 2023 cando se inicie a construción dun edificio anexo de case 1.300 m²; que aumentará a superficie docente con 730 metros para dez novas aulas: unha de FP polivalente, dúas de obradoiros de ciclo, dúas aulas de Bacharelato, dúas aulas de apoio educativo e salas dobres, un seminario, un espazo foro e unha maker zone. Tamén se incrementaría a superficie das áreas de administración e servizos comúns e zonas de tránsito, que gañarán

Asinado o día 26/12/2025 ás 11:49
Por Carlos López Font

Asinado o día 26/12/2025 ás 11:48
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

154124

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 12:14:58
Nº Rexistro: 42854
Data envío: 26/12/2025 12:14:58.815

un 25 % e favorecerán a ventilación e circulación para proporcionar unha maior seguridade sanitaria.

O 29 de novembro de 2023, o secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e FP e Universidades en sede parlamentaria, di que a ampliación do IES Antón Alonso Ríos vai ser unha das obras máis ambiciosas no ámbito das instalacións educativas e a máis innovadora en eficiencia enerxética e que está previsto licitar a obra no ano 2024 cun orzamento de 4,7 millóns de euros.

Estamos xa no mes de xullo de 2025 e nada se sabe do comezo das obras do IES Antón Alonso Ríos que era nun primeiro momento no 2022, logo pasou a principios do 2023, e logo que a actuación podería estar completada ao longo do curso 2025-2026.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Cando pensa a Xunta de Galicia comezar as obras de ampliación e adecuación dos espazos educativos e docentes do IES Antón Alonso de Tomiño?

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

154125

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 26/12/2025 11:48:53

Carlos López Font na data 26/12/2025 11:49:00

Aitor Bouza Manso na data 26/12/2025 11:49:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 12:14:58
Nº Rexistro: 42854
Data envío: 26/12/2025 12:14:58.815



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/12/2025 12:14:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 12:14:58
Nº Rexistro: 42854
Data envío: 26/12/2025 12:14:58.815

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 12:15:32
Nº Rexistro: 42855
Data envío: 26/12/2025 12:15:32.046

Asinado o día 26/12/2025 ás 11:48
Por Carlos López For

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª**.

Actualmente estamos ante unha crise sen precedentes na Atención Primaria. A súa capilaridade e presenza en toda a cidade de Vigo, converte á Primaria na rede máis habitual e de maior contacto coa persoa usuaria. Tamén aquela que máis problemas de saúde resolve. A Atención Primaria, non en tanto, sufriu unha gran minusvaloración, sendo considerada por parte do goberno de Galicia un elemento menor do sistema.

Asinado o día 26/12/2025 ás 11:47
Por Silvia Longueira Castro

O fabuloso traballo dos/as profesionais sanitarios e o seu desmedido esforzo, que durante a pandemia foi unha táboa de salvación para a cidadanía, non está sendo valorado e comprendido pola Xunta de Galicia.

A situación da Atención Primaria en Galicia está a mostrarse como unha fonte de preocupación da cidadanía ao comprobar como un elemento fundamental do noso sistema de benestar, como é o sistema sanitario público, está a evidenciar debilidades provocadas por unha xestión errática e de desatención da Xunta de Galicia.

E Vigo parece que se converte de novo no punto de ensaio dos experimentos da Xunta de Galicia en materia de Sanidade. Non chegou co modelo do Álvaro Cunqueiro, que non volveron repetir en ningún outro lugar de Galicia, senón que pronto abrirá o Olimpia Valencia que introducirá un novo modelo de atención pediátrica coa concentración das consultas de catro centros de saúde.

Asinado o día 26/12/2025 ás 11:47
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

154128

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 12:15:32
Nº Rexistro: 42855
Data envío: 26/12/2025 12:15:32.046

Un novo centro que nace sen ningunha previsión de contratar a novo persoal para reforzar a atención primaria senón que está pensado para aliviar a carga doutros centros de saúde da contorna. Abrir este centro de saúde significa pechar o centro de saúde de López Moura, algo que se saíu á luz hai tempo, pero tamén pechar o centro de saúde do Nicolás Peña, situación que se coñeceu a mediados deste ano e ademais pretenden concentrar a atención pediátrica de varios centros de saúde.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Está disposta á Xunta de Galicia a modificar o Plan funcional do Sergas, para que siga mantendo a actividade sanitaria no Centro de Saúde Nicolás Peña, a pesar de que se abra o novo centro de saúde Olimpia Valencia?
2. Está disposta a Xunta de Galicia a dotar de persoal o novo centro Olimpia Valencia e que non se nutra de profesionais provenientes doutros centros de saúde?
3. Está disposta a Xunta de Galicia a incorporar o servizo de radioloxía no novo centro Olimpia Valencia?
4. Está disposta á Xunta de Galicia a modificar o Plan funcional do Sergas, para que siga mantendo a actividade sanitaria o centro de saúde Nicolás Peña, a pesar de que se abra o novo centro de saúde Olimpia Valencia dotado con profesionais necesarios?

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

154129

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 26/12/2025 11:47:03

Silvia Longueira Castro na data 26/12/2025 11:47:10

Carlos López Font na data 26/12/2025 11:48:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 12:15:32
Nº Rexistro: 42855
Data envío: 26/12/2025 12:15:32.046

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/12/2025 12:15:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 12:15:32
Nº Rexistro: 42855
Data envío: 26/12/2025 12:15:32.046

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 12:16:27
Nº Rexistro: 42856
Data envío: 26/12/2025 12:16:27.443

Asinado o día 26/12/2025 ás 11:49
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.^a**

Actualmente estamos ante unha crise sen precedentes na Atención Primaria. A súa capilaridade e presenza en toda a cidade de Vigo, converte á Primaria na rede máis habitual e de maior contacto coa persoa usuaria. Tamén aquela que máis problemas de saúde resolve. A Atención Primaria, non en tanto, sufriu unha gran minusvaloración, sendo considerada por parte do Goberno de Galicia un elemento menor do sistema.

Asinado o día 26/12/2025 ás 11:49
Por Carlos López Font

O fabuloso traballo dos/as profesionais sanitarios e o seu desmedido esforzo, que durante a pandemia foi unha táboa de salvación para a cidadanía, non está sendo valorado e comprendido pola Xunta de Galicia.

A situación da Atención Primaria en Galicia está a mostrarse como unha fonte de preocupación da cidadanía ao comprobar como un elemento fundamental do noso sistema de benestar, como é o sistema sanitario público, está a evidenciar debilidades provocadas por unha xestión errática e de desatención da Xunta de Galicia.

Asinado o día 26/12/2025 ás 11:49
Por Elena Espinosa Mangana

E Vigo parece que se converte de novo no punto de ensaio dos experimentos da Xunta de Galicia en materia de Sanidade. Non chegou co modelo do Álvaro Cunqueiro, que non volveron repetir en ningún outro lugar de Galicia, senón que pronto abrirá o Olimpia Valencia que introducirá un novo modelo de atención pediátrica coa concentración das consultas de catro centros de saúde.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

154132

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-UplPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 12:16:27
Nº Rexistro: 42856
Data envío: 26/12/2025 12:16:27.443

Un novo centro que nace sen ningunha previsión de contratar a novo persoal para reforzar a atención primaria senón que está pensado para aliviar a carga doutros centros de saúde da contorna. Abrir este centro de saúde significa pechar o centro de saúde de López Moura, algo que se saíu á luz hai tempo, pero tamén pechar o centro de saúde do Nicolás Peña, situación que se coñeceu a mediados deste ano.

E todo parece indicar que en novo Olimpia Valencia, concentraranse os pediatras que viñan traballando nos centros de saúde de Lopez Mora, Nicolás Peña, Pintor Colmeiro e Coia.

É necesario reverter esta situación, e para iso son necesarios medios materiais, non demasiados, pero sobre todo recursos humanos.

Por todo o anteriormente exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Está disposta á Xunta de Galicia a poñer os recursos económicos necesarios para dotar de persoal o novo centro Olimpia Valencia e que non se nutra de profesionais provenientes doutros centros de saúde?
2. Está disposta a Xunta de Galicia a poñer os recursos económicos necesarios para incorporar o servizo de radioloxía no novo centro Olimpia Valencia?

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 26/12/2025 11:49:29

Carlos López Font na data 26/12/2025 11:49:35

Silvia Longueira Castro na data 26/12/2025 11:49:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 12:16:27
Nº Rexistro: 42856
Data envío: 26/12/2025 12:16:27.443

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/12/2025 12:16:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 12:16:27
Nº Rexistro: 42856
Data envío: 26/12/2025 12:16:27.443

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 12:17:35
Nº Rexistro: 42857
Data envío: 26/12/2025 12:17:35.079

Asinado o día 26/12/2025 ás 11:50
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

A cidade de Vigo desempeñou nos últimos anos un papel relevante como sede do exame MIR desde a súa recuperación como sede en 2021. Desde entón, a cidade olívica albergou ininterrompidamente o exame MIR ata a convocatoria de 2025, acollendo nesta última edición a 549 aspirantes galegos, o que representa case un 30 % do total en Galicia. A sede establecida no campus de Lagoas-Marcosende demostrou óptimas condicións de infraestruturas, organización e seguridade.

Asinado o día 26/12/2025 ás 11:50
Por Carlos López Font

Recentemente, coñeceuse a decisión de excluír a Vigo como sede a partires da convocatoria de 2026, centralizando de novo a proba unicamente en Santiago de Compostela.

Esta decisión supón un retroceso en termos de descentralización, equidade territorial e de achegamento da administración á cidadanía. Ademais, a accesibilidade ás probas selectivas debe rexerse por criterios de equidade, eficiencia e cohesión territorial.

Vigo, a cidade máis poboada de Galicia e a urbe máis importante do noroeste peninsular, non pode renunciar a ser sede das probas MIR. De feito, a decisión tomada xerou un gran rexeitamento na cidade.

Asinado o día 26/12/2025 ás 11:50
Por Elena Espinosa Mangana

O 17 de xullo de 2025, o Ministerio de Sanidade e as CC.AA., aprobaron a orde ministerial que establece a oferta de prazas e regula a convocatoria de probas

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

154136

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 12:17:35
Nº Rexistro: 42857
Data envío: 26/12/2025 12:17:35.079

selectivas para o acceso en 2026 á Formación Sanitaria Especializada co visto e prace do conselleiro de Sanidade de Galicia que non defendeu manter a sede en Vigo.

Por todo iso, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Está disposta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e defender a Vigo como sede oficial para a celebración dos exames de MIR, garantindo así a descentralización, accesibilidade e equidade no acceso ás probas selectivas do Sistema Nacional de Saúde?

Parlamento de Galicia, 26 de decembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

154137

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 26/12/2025 11:50:19

Carlos López Font na data 26/12/2025 11:50:37

Silvia Longueira Castro na data 26/12/2025 11:50:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 12:17:35
Nº Rexistro: 42857
Data envío: 26/12/2025 12:17:35.079

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/12/2025 12:17:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 12:17:35
Nº Rexistro: 42857
Data envío: 26/12/2025 12:17:35.079

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Carmela González Iglesias, Cristina Fernández Davila e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre as medidas que vai tomar a Xunta de Galiza para solucionar os problemas arquitectónicos do CEIP Plurilingüe da Carrasqueira en Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP Plurilingüe da Carrasqueira en Vigo conta cunha antigüidade próxima aos 50 anos de vida. Durante este tempo o centro foi renovando o seu proxecto educativo ao punto de transformarse nun centro referente en moitos aspectos pola súa capacidade de innovación pedagóxica. Porén, dende o punto de vista arquitectónico o centro padece unha falla de renovación por parte da Administración Pública que fai con que a degradación das instalacións sexa cada vez máis palpable.

Algúns exemplos disto son a cuberta na zona de acceso que ten unha enorme greta que filtra auga, inutilizando este espazo cando chove e degradando as luminarias. A fachada tamén presenta problemas de impermeabilización e as canalizacións de pluviais están danadas e verten por fóra encharcando as zonas de paso cando chove. O pavimento de acceso ao centro tamén require dunha intervención para mellorar e garantir a accesibilidade.

Con todo, o problema máis grave rexístrase na antiga casa do conserxe, unha edificación anexa cuxa cuberta- que contén amianto- vén sufrindo desprendementos dende hai un ano. Isto implica un risco para o alumnado, tanto pola especial ameaza que



supón para a saúde da poboación infantil este material, como o perigo real de desprendementos xa que conta apenas cun precinto precario no seu perímetro. Ademais, ante esta situación o centro non pode facer uso deste espazo, nin no interior pola choiva, nin tampouco no perímetro exterior onde se facían actividades de horta, como medida de precaución.

A planta de ENCE en Lourizán (Pontevedra), unha infraestrutura industrial que forma parte do tecido produtivo e social de Galicia, atópase en pleno conflito laboral tralo anuncio por parte da empresa de presentar un expediente de regulación de emprego (ERE) que afectaría a 39 postos de traballo en Pontevedra e a máis dun cento noutras plantas.

Este anuncio produciuse logo das mobilizacións, paros e iniciativas de protesta dos traballadores e traballadoras, entre as que se inclúen folgas con participación do 100 % do persoal e concentracións diante da sede da Xunta de Galicia en San Caetano reclamando unha reunión con responsables autonómicos para evitar os despedimentos e defender o futuro da industria no territorio; sendo absolutamente ignorados tanto por parte do presidente da Xunta coma da Consellería de Industria. Debido a isto, recentemente, delegados e delegadas sindicais manifestaron o seu malestar ante a Conselleira de Industria e o director territorial de ENCE durante un acto en Santiago, o que evidencia o profundo descontento dos traballadores e traballadoras e o sentimento de traizón por parte da Xunta e da empresa.

Os representantes dos traballadores e traballadoras denuncian, ademais, a nula vontade de acordo por parte de ENCE neste proceso e a falta de avances significativos nas mesas de negociación celebradas ata agora, así como a percepción de que o Goberno galego permanece de perfil, actuando máis como un directivo/a de ENCE que como un goberno que defende os intereses e necesidades da súa cidadanía, pese aos compromisos públicos asumidos en

Asinado o día 26/12/2025 ás
16:35
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 26/12/2025 ás
16:35
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

154395

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 42943
Data envío: 26/12/2025 16:46:51.525

materia de emprego, investimento e continuidade industrial vinculados no seu día á permanencia da fábrica en Pontevedra.

A postura do PSdeG-PSOE a este respecto é de sobra coñecida desde hai anos, sempre favorable á saída de ENCE de Lourizán, pero tamén ao seu traslado e mantemento noutro punto da comarca de Pontevedra, fóra da Ría, mantendo sempre, por tanto, na capital provincial ou na súa área de influencia os postos de traballo que crea esta empresa. En coherencia con isto, resulta moi preocupante para este grupo parlamentario a convivencia da Xunta de Galicia e do Partido Popular con ENCE, tanto no que ten que ver coa redución non consensuada cos representantes sindicais de 39 postos de traballo, como co incumprimento sistemático por parte da empresa do seu plan de emprego e plan de investimentos na factoría de Pontevedra, un problema que é laboral, pero tamén de saúde e de seguridade cidadá, dada a obsolescencia actual da fábrica.

Tendo en conta a relevancia social e económica deste conflito para a comarca de Pontevedra e para o conxunto de Galicia, consideramos urxente que o Goberno galego, co seu presidente á fronte, asuma un papel activo e determinado para impedir por todos os medios posibles un ERE que suporía un golpe severo para o emprego, a economía local e a industria galega e sobre o que existen serias dúbidas de que se poida soste de xeito legal conforme á conta real de resultados económicos da empresa.

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que actuacións concretas levou a cabo o Goberno galego desde que ENCE anunciou o ERE?

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

154396

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 42943
Data envío: 26/12/2025 16:46:51.525

2. E por que, pese ás mobilizacións dos traballadores e traballadoras, e ás peticións expresas de reunión, a Xunta non interveu de maneira efectiva para evitar os despedimentos?

3. Considera a Xunta de Galicia aceptable que ENCE, despois de se beneficiar do apoio político e institucional do Goberno galego para supostamente garantir a súa permanencia en Pontevedra, pretenda agora aplicar un ERE que destrúe emprego?

4. Que mecanismos pensa activar o Goberno galego para garantir que se cumpran os compromisos de investimento e incremento do emprego que a empresa asumiu no pasado?

5. Pode indicar o Goberno galego que medidas de presión administrativa, mediación ou supervisión laboral pretende aplicar a Xunta —de maneira inmediata— para obrigar á empresa a reconsiderar o ERE e evitar a destrución dos postos de traballo, e por que non foron empregadas antes?

6. Ten coñecemento a Xunta de Galicia sobre a posible adquisición por parte de ALTRI da factoría de ENCE en Pontevedra?

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

154397

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/12/2025 16:35:46

Patricia Iglesias Rey na data 26/12/2025 16:35:56

Lara Méndez López na data 26/12/2025 16:36:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 42943
Data envío: 26/12/2025 16:46:51.525

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 42943
Data envío: 26/12/2025 16:46:51.525

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/12/2025 16:46:52

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 42945
Data envío: 26/12/2025 16:48:18.153

Asinado o día 26/12/2025 ás 16:40
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta, Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 4ª**.

En decembro de 2023, a Xunta de Galicia anunciou publicamente na súa páxina web a execución das obras de reforma integral do CEIP Manuel Luis Acuña de Ourense, indicando que a súa licitación se realizaría ao longo do ano 2024 e que o inicio das obras estaba previsto para finais dese mesmo ano. Estas actuacións enmarcábanse no denominado Plan de nova arquitectura pedagóxica da Xunta de Galicia.

Asinado o día 26/12/2025 ás 16:40
Por Aitor Bouza Manso

No devandito anuncio, o conselleiro de Educación afirmaba que estas reformas tiñan como obxectivo que “os centros educativos fosen cada vez máis modernos, accesibles e confortables”. Porén, transcorrido máis dun ano desde ese anuncio, a realidade que vive a comunidade educativa do CEIP Manuel Luis Acuña pon en evidencia a distancia entre as promesas da Xunta e a súa acción real.

Tal e como denuncian as nais e pais do alumnado, a día de hoxe existen aulas pechadas debido á entrada de auga e ás baixas temperaturas. Os danos producidos por un temporal no ano 2025 foron obxecto de arranxos provisionais que, lonxe de seren unha solución transitoria, convertéronse na práctica en actuacións definitivas, sen que se abordase a reforma estrutural necesaria.

Asinado o día 26/12/2025 ás 16:40
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

154400

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 42945
Data envío: 26/12/2025 16:48:18.153

A falta de actuación da Xunta de Galicia foi agravando progresivamente os danos no centro, xa que a entrada continuada de auga está a causar problemas na instalación eléctrica, provocando cortes de subministración que afectan directamente ao funcionamento da caldeira de calefacción. Como consecuencia, resulta imposible garantir unhas condicións térmicas axeitadas, obrigando a nenos e nenas de entre 4 e 12 anos a permanecer nas aulas e no comedor escolar abrigados coas súas chaquetas.

Para tratar de paliar esta situación, adoptouse como medida extraordinaria o alugueiro dun canón de calor a gasolina que se despraza por distintas dependencias do colexio, unha solución improvisada, insuficiente e impropia dun centro educativo público do século XXI.

Tras reiteradas reclamacións dirixidas á Administración educativa, que xa non son de axuda senón de auténtico auxilio, as nais e pais do alumnado reclaman actuacións inmediatas por parte da Xunta de Galicia, como administración competente en materia de infraestruturas educativas, para garantir a seguridade, a saúde e o benestar do alumnado e do persoal docente.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista consideramos inaceptable que, tras anunciar unha reforma integral e un plan de nova arquitectura educativa, a Xunta de Galicia manteña centros públicos en condicións que non garanten nin o confort nin a seguridade mínima, evidenciando unha grave falla de planificación, execución e responsabilidade política.

Ante esta situación, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Ten prevista a Xunta de Galicia a licitación das obras de reforma integral do CEIP Manuel Luis Acuña de Ourense anunciadas no mes de decembro de 2023?

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

154401

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 42945
Data envío: 26/12/2025 16:48:18.153

2. En caso afirmativo, indique o prazo concreto no que se vai producir a dita licitación.

3. Que actuacións se realizaron tras os danos provocados polo temporal ocorrido no ano 2025, indicando expresamente cales tiveron carácter provisional e cales carácter definitivo?

4. Considera a Consellería de Educación aceptable que, como consecuencia desta situación, nenos e nenas de entre 4 e 12 anos teñan que permanecer nas aulas e no comedor escolar abrigados coas súas chaquetas?

5. Considera a Xunta de Galicia axeitado o uso dun canón de calor a gasolina como medida para manter a temperatura nun centro educativo público, mentres non se executan as obras anunciadas?

6. Que medidas urxentes ten previsto adoptar a Xunta de Galicia para garantir de maneira inmediata o benestar, a saúde e a seguridade do alumnado e do persoal docente, mentres non se inicien e finalicen as obras de reforma integral do centro?

7. Vai incorporar a Xunta de Galicia medidas específicas de eficiencia enerxética no proxecto de reforma integral do CEIP Manuel Luis Acuña, tal e como reclaman expresamente as nais e pais do alumnado?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

154402

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 26/12/2025 16:40:04

Aitor Bouza Manso na data 26/12/2025 16:40:26

Silvia Longueira Castro na data 26/12/2025 16:40:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 42945
Data envío: 26/12/2025 16:48:18.153

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/12/2025 16:48:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 42945
Data envío: 26/12/2025 16:48:18.153

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 42948
Data envío: 26/12/2025 16:50:43,611

Asinado o día 26/12/2025 ás 16:41
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

A Comisión de Centro de Atención Primaria do Distrito Sanitario de Ourense vén de denunciar publicamente a grave situación de falta de cobertura de persoal de Enfermaría no centro de saúde de Leiro, unha carencia que se prolonga desde hai meses e que está a ter un impacto directo tanto na calidade asistencial como nas condicións laborais do persoal sanitario.

Segundo a información trasladada pola propia Comisión de Centro, a pasividade da xerencia, xunto coa falta de compromiso do Concello de Leiro — titular do inmovible— provocou a perda efectiva da dotación dun profesional de Enfermaría nun centro con elevada carga asistencial. A existencia dunha praza de nova creación sen cobertura real, debido á inexistencia de espazos adecuados para o correcto desenvolvemento da actividade asistencial, constitúe unha mostra clara de improvisación, falta de planificación e deficiente coordinación institucional.

Esta situación resulta especialmente preocupante se temos en conta que o centro de saúde de Leiro atende a 1.387 persoas, cunha porcentaxe moi significativa de poboación maior de 65 anos, o que implica unha maior prevalencia de doenzas crónicas, pluripatoloxía e necesidades asistenciais complexas. Manter unha soa profesional de Enfermaría nestas condicións supón unha sobrecarga laboral insostible e compromete seriamente a seguridade e a calidade da atención sanitaria prestada.

Asinado o día 26/12/2025 ás 16:41
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 26/12/2025 ás 16:41
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

154405

28071 Madrid

@PSdeG



A propia Comisión de Centro leva anos solicitando a cobertura desta necesidade estrutural, sen obter respostas eficaces nin solucións reais. A falta de espazos para a segunda consulta de Enfermaría, responsabilidade directa do Concello como titular do centro, non pode servir de escusa para perpetuar unha situación que vulnera os dereitos da veciñanza a unha atención sanitaria digna e de calidade.

Resulta inaceptable que, a finais do ano 2025, a realidade siga a ser a perda de recursos humanos no canto do seu reforzo, especialmente nun contexto de envellecemento poboacional e incremento das necesidades asistenciais na Atención Primaria.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Vai permitir a Xunta de Galicia que a falta de coordinación co Concello de Leiro se siga traducindo en sobrecarga laboral para o persoal sanitario e nunha redución da calidade asistencial no centro de saúde de Leiro?
2. Considera a Consellería de Sanidade asumible que un centro de saúde con 1.387 persoas adscritas, cunha elevada proporción de poboación maior de 65 anos, conte na práctica cunha única profesional de Enfermaría?
3. Que xestións realizou a xerencia do Distrito Sanitario de Ourense ante o Concello de Leiro para resolver a falta de instalacións axeitadas para a consulta de Enfermaría no centro de saúde?
4. Que medidas pensa adoptar a Xunta de Galicia para evitar a perda de recursos humanos no centro de saúde de Leiro e garantir unha atención sanitaria de calidade á poboación atendida?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 26/12/2025 16:41:13

Elena Espinosa Mangana na data 26/12/2025 16:41:20

Silvia Longueira Castro na data 26/12/2025 16:41:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 42948
Data envío: 26/12/2025 16:50:43,611

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/12/2025 16:50:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 42948
Data envío: 26/12/2025 16:50:43,611

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 42950
Data envío: 26/12/2025 16:51:47,153

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

Como coñecemos a diabetes tipo 1 ocorre cando o corpo non pode producir suficiente cantidade da hormona insulina. E necesítase insulina para sobrevivir polo que a súa falta debe substituírse con inxeccións ou cunha bomba de insulina.

Nos nenos a diabetes tipo 1, adoitaba chamarse “diabetes xuvenil” ou “diabetes insulino dependiente” e hoxe a diabetes tipo 1 está considerada como unha das enfermidades crónicas máis comúns que afectan a nenos e adolescentes. Non é intención entrar nos síntomas, as causas, factores de risco, complicacións, a prevención etc. porque non queremos abordar esta iniciativa desde o ámbito médico da enfermidade, aínda que loxicamente non se pode obviar.

A diabetes é unha enfermidade que acompaña a quen a padece toda a vida e implica un tratamento esixente e intenso. Esta circunstancia, unida a outras, fai que, pola súa influencia na vida social e familiar, sexa considerada como exemplo de enfermidade socio-sanitaria.

Por este motivo as prestacións sociais e sanitarias para o coidado de fillo ou filla con diabetes, está regulado, pero con todo atopámonos con grandes trabas para a súa aplicación e mesmo incumprimentos no caso de persoal público.

Ademais, as reducións de xornadas, recollidas na lexislación vixente, sofren demoras, trabas burocráticas e, nalgúns casos, un claro incumprimento, o que deixa ás familias sen o apoio ao que legalmente teñen dereito, no caso dos

Asinado o día 26/12/2025 ás
16:42
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 26/12/2025 ás
16:42
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

154409

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 42950
Data envío: 26/12/2025 16:51:47,153

traballadores por conta allea pero isto tamén ocorre no caso de persoal público dependente da administración autonómica.

Todo isto complicase pola persistente desinformación social: estereotipos, erros e visións simplistas que dificultan a integración e xeran estigma e discriminación.

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

Está disposta a Xunta de Galicia a emitir e axilizar os informes médicos, necesarios para a tramitación da redución de xornada laboral o que teñen dereito os país ou nais, cando se trate de menores con diabetes tipo 1 ou calquera outro tipo de enfermidade grave recollida no Real decreto 1148/2011, do 29 de xullo?

Santiago de Compostela. 29 de decembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

154410

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 26/12/2025 16:42:40

Silvia Longueira Castro na data 26/12/2025 16:42:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 42950
Data envío: 26/12/2025 16:51:47,153

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 42950
Data envío: 26/12/2025 16:51:47,153

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/12/2025 16:51:47

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 42952
Data envío: 26/12/2025 16:52:47,249

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

Como coñecemos a diabetes tipo 1 ocorre cando o corpo non pode producir suficiente cantidade da hormona insulina. E necesítase insulina para sobrevivir polo que a súa falta debe substituírse con inxeccións ou cunha bomba de insulina.

Nos nenos a diabetes tipo 1, adoitaba chamarse “diabetes xuvenil” ou “diabetes insulín dependente” e hoxe a diabetes tipo 1 está considerada como unha das enfermidades crónicas máis comúns que afectan a nenos e adolescentes. Non é intención entrar nos síntomas, as causas, factores de risco, complicacións, a prevención etc. porque non queremos abordar esta iniciativa desde o ámbito médico da enfermidade, aínda que loxicamente non pode obviarse.

A diabetes é unha enfermidade que acompaña a quen a padece toda a vida e implica un tratamento esixente e intenso. Esta circunstancia, unida a outras, fai que, pola súa influencia na vida social e familiar, sexa considerada como exemplo de enfermidade socio-sanitaria.

Por este motivo as prestacións sociais e sanitarias para o coidado de fillo ou filla con diabetes, está regulado, pero con todo atopámonos con grandes trabas para a súa aplicación e mesmo incumprimentos no caso de persoal público.

Ademais, as reducións de xornadas, recollidas na lexislación vixente, sofren demoras, trabas burocráticas e, nalgúns casos, un claro incumprimento, o que deixa ás familias sen o apoio ao que legalmente teñen dereito, no caso dos

Asinado o día 26/12/2025 ás
16:44
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 26/12/2025 ás
16:44
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

154413

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 42952
Data envío: 26/12/2025 16:52:47,249

traballadores por conta allea pero isto tamén ocorre no caso de persoal público dependente da Administración autonómica.

Todo isto complicase pola persistente desinformación social: estereotipos, erros e visións simplistas que dificultan a integración e xeran estigma e discriminación.

Ante esta situación as deputadas que asinan preguntan:

Está disposta a Xunta de Galicia ao cumprimento do lexislación vixente, no que afecta o coidado de fillos e fillas con diabetes en concreto á redución da xornada laboral, por coidado de fillo ou filla con enfermidade grave?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

154414

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 26/12/2025 16:44:05

Silvia Longueira Castro na data 26/12/2025 16:44:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 42952
Data envío: 26/12/2025 16:52:47,249

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 42952
Data envío: 26/12/2025 16:52:47,249

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/12/2025 16:52:47

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O acceso á vivenda constitúe un dos principais problemas sociais de Galicia, especialmente para a mocidade e as familias con menos recursos. A Xunta de Galicia ten a responsabilidade de garantir políticas activas que faciliten este dereito, mais os datos oficiais amosan unha realidade preocupante.

No terceiro trimestre do ano 2025, o grao de execución orzamentaria do programa 451B “Acceso á vivenda” foi tan só do 15,5 %, unha cifra que evidencia a parálise e a incapacidade do Goberno galego para transformar en feitos reais os compromisos que anuncia en materia de vivenda.

Este nivel de execución resulta absolutamente insuficiente para dar resposta ás necesidades actuais, sobre todo nun contexto de encarecemento dos prezos da vivenda, dificultades de acceso ao alugueiro e carencia de vivenda pública dispoñible.

A cidadanía non pode esperar a que a Xunta xestione con máis dilixencia. É urxente que se poñan en marcha as medidas comprometidas, garantindo que os recursos orzamentarios chegan de forma efectiva ás persoas que precisan dunha vivenda digna.

Asinado o día 29/12/2025 ás
09:34
Por Carlos López Font

Asinado o día 29/12/2025 ás
09:34
Por Aitor Bouza Manso





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 09:38:16
Nº Rexistro: 42964
Data envío: 29/12/2025 09:38:16.575

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta:

Considera a Xunta de Galicia aceptable que o grao de execución do programa 451B “Acceso á vivenda” sexa só do 15,5 % no terceiro trimestre do ano 2025?

Santiago de Compostela, a 29 de decembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

154418

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 29/12/2025 9:34:38

Carlos López Font na data 29/12/2025 9:34:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 09:38:16
Nº Rexistro: 42964
Data envío: 29/12/2025 09:38:16.575

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/12/2025 9:38:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 09:38:16
Nº Rexistro: 42964
Data envío: 29/12/2025 09:38:16.575

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O acceso á vivenda constitúe un dos principais problemas sociais de Galicia, especialmente para a mocidade e as familias con menos recursos. A Xunta de Galicia ten a responsabilidade de garantir políticas activas que faciliten este dereito, mais os datos oficiais amosan unha realidade preocupante.

No terceiro trimestre do ano 2025, o grao de execución orzamentaria do programa 451B “Acceso á vivenda” foi tan só do 15,5 %, unha cifra que evidencia a parálise e a incapacidade do Goberno galego para transformar en feitos reais os compromisos que anuncia en materia de vivenda.

Este nivel de execución resulta absolutamente insuficiente para dar resposta ás necesidades actuais, sobre todo nun contexto de encarecemento dos prezos da vivenda, dificultades de acceso ao alugueiro e carencia de vivenda pública dispoñible.

A cidadanía non pode esperar a que a Xunta xestione con máis dilixencia. É urxente que se poñan en marcha as medidas comprometidas, garantindo que os recursos orzamentarios chegan de forma efectiva ás persoas que precisan dunha vivenda digna.

Asinado o día 29/12/2025 ás
09:35
Por Carlos López Font

Asinado o día 29/12/2025 ás
09:34
Por Aitor Bouza Manso





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 09:40:10
Nº Rexistro: 42968
Data envío: 29/12/2025 09:40:10.552

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que medidas concretas pensa adoptar a Xunta para acelerar a execución orzamentaria no programa 451B de acceso a vivenda?

Santiago de Compostela, a 29 de decembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

154422

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 29/12/2025 9:34:54

Carlos López Font na data 29/12/2025 9:35:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 09:40:10
Nº Rexistro: 42968
Data envío: 29/12/2025 09:40:10.552

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/12/2025 9:40:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 09:40:10
Nº Rexistro: 42968
Data envío: 29/12/2025 09:40:10.552

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

Segundo os datos publicados polo Ministerio de Sanidade, relativos ao segundo semestre de 2025, Galicia sitúase como a cuarta Comunidade Autónoma con mellores tempos de espera media cirúrxica. Ademais, Galicia tamén ocupa boas posicións no que a pacientes en espera cirúrxica con máis de seis meses de espera se refire, sendo das comunidade con menor porcentaxe.

E os resultados inda son mellores se observamos as listas de espera en consultas, pois Galicia é a segunda comunidade autónoma tanto en días como en porcentaxe de pacientes que agardan menos de 60 días por unha consulta co especialista.

Os números reflicten o traballo e esforzo realizado polos grandes profesionais cos que conta o Servizo Galego de Saúde, que a diario dan o mellor de si mesmos para prestar a mellor atención sanitaria posible aos seus pacientes.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Que balance fai a Xunta de Galicia dos datos das listas de espera correspondentes ao segundo semestre de 2025?

Santiago de Compostela, 29 de decembro 2025



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 29/12/2025 9:50:10

Noelia Pérez López na data 29/12/2025 9:50:18

Ethel Vázquez Mourelle na data 29/12/2025 9:50:27

Raquel Arias Rodríguez na data 29/12/2025 9:50:41

Víctor Baladrón Lamas na data 29/12/2025 9:50:55

Nicole Grueira Fernández na data 29/12/2025 9:51:48

Dolores Hermelo Piñeiro na data 29/12/2025 9:51:59

Argimiro Marnotes Fernández na data 29/12/2025 9:52:19

Maria Magdalena Perez Millares na data 29/12/2025 9:52:30



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/12/2025 9:53:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 09:53:49
Nº Rexistro: 42972
Data envío: 29/12/2025 09:53:49.165

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 10:04:11
Nº Rexistro: 42974
Data envío: 29/12/2025 10:04:11.947

Asinado o día 29/12/2025 ás 10:00
Por Ethel Vázquez M

Á Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

A loita contra o cancro é un reto, xa que esta enfermidade representa unha das principais causas de mortalidade no mundo, afectando a millóns de persoas e familias cada ano.

Nos últimos anos, a Medicina Personalizada e de Precisión (MPP) tense constituído como un novo paradigma de atención sanitaria que trata de integrar todas as características dun individuo.

Dentro destas características englobanse os factores biolóxicos, estilo de vida e ambientais, entre outros, para poder realizar unha estimación de risco de enfermidade adecuada e unha prevención dirixida, así como para o diagnóstico temperá, o prognóstico, a selección e o seguimento dos tratamentos dirixidos máis adecuados.

Para dotar o sistema sanitario galego de ferramentas coas que incorporar a medicina personalizada e de precisión, a Xunta de Galicia puxo en marcha a Estratexia de Oncoloxía de Precisión de Galicia. Neste marco, a creación do Comité Galego de Tumores representa un fito de gran importancia para garantir un acceso equitativo da cidadanía a métodos de diagnóstico e de tratamento avanzados contra o cancro.

Para impulsar a oncoloxía de precisión, a nosa comunidade conta cun ecosistema biomédico e tecnolóxico de primeiro nivel: hospitais de referencia como o de Santiago, o CHUAC ou o Álvaro Cunqueiro, entre outros; centros de investigación sanitarios: o IDIS, o INIBIC e o Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur; e estruturas de apoio como a Axencia Galega de Innovación ou a Axencia de Coñecemento en Saúde.

Esta aposta pola innovación, que implica aos mellores profesionais sanitarios da Sanidade Pública, permite que en Galicia exista un tecido investigador de primeiro nivel, con numerosos ensaios clínicos en marcha na sanidade pública galega.

Recentemente tivemos coñecemento de que a Xunta de Galicia prevé iniciar un novo ensaio clínico para aqueles cancros avanzados nos que non se dispoñan de opción terapéutica.

Asinado o día 29/12/2025 ás 10:00
Por Noelia Pérez López

Asinado o día 29/12/2025 ás 09:59
Por María Encarnación Amigo Díaz

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Que obxectivos se pretenden acadar coa posta en marcha deste novo ensaio clínico para aqueles cancros avanzados nos que non se dispoñan de opción terapéutica?

Santiago de Compostela, 29 de decembro 2025



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 29/12/2025 9:59:56

Noelia Pérez López na data 29/12/2025 10:00:12

Ethel Vázquez Mourelle na data 29/12/2025 10:00:20

Raquel Arias Rodríguez na data 29/12/2025 10:00:31

Víctor Baladrón Lamas na data 29/12/2025 10:00:43

Nicole Grueira Fernández na data 29/12/2025 10:02:13

Dolores Hermelo Piñeiro na data 29/12/2025 10:02:22

Argimiro Marnotes Fernández na data 29/12/2025 10:02:31

Maria Magdalena Perez Millares na data 29/12/2025 10:02:37



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 10:04:11
Nº Rexistro: 42974
Data envío: 29/12/2025 10:04:11.947

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/12/2025 10:04:12

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 10:12:56
Nº Rexistro: 42976
Data envío: 29/12/2025 10:12:56.666

Asinado o día 29/12/2025 ás 10:10
Por Ethel Vázquez M

Á Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

O Servizo Galego de Saúde conta cunha media diaria de máis de 45.000 profesionais que traballan por e para a sanidade pública galega. Un traballo no que a meirande parte do persoal está de cara aos cidadáns prestando a mellor das atencións e coidados, o que se ve reflexado nas diferentes enquisas de satisfacción e barómetros sanitarios.

Malia isto, ás veces danse situacións desafortunadas onde pacientes poden agredir ao persoal sanitario e non sanitario dos centros hospitalarios.

A atención sanitaria é un campo que, pola súa natureza, implica situacións de tensión que poden xerar estrés, provocando que os profesionais da saúde se enfronten a situacións que van dende o coidado de pacientes en estado crítico ata a xestión de emocións intensas por parte dos familiares.

A Xunta de Galicia anunciou o impulso da modificación da Lei de Saúde co obxectivo de protexer ao persoal do Servizo Galego de Saúde (Sergas) e aos pacientes fronte ás agresións.

Este proxecto busca reforzar a seguridade e garantir un ambiente laboral máis seguro para os profesionais, abordando a crecente preocupación polas situacións de violencia que se veñen rexistrando nos centros de saúde.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Que medidas incorpora a modificación da Lei de Saúde co obxectivo de protexer ao persoal do Servizo Galego de Saúde das agresións no ámbito sanitario?

Santiago de Compostela, 29 de decembro 2025

Asinado o día 29/12/2025 ás 10:10
Por Noelia Pérez López

Asinado o día 29/12/2025 ás 10:10
Por María Encarnación Amigo Díaz

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 29/12/2025 10:10:30

Noelia Pérez López na data 29/12/2025 10:10:38

Ethel Vázquez Mourelle na data 29/12/2025 10:10:46

Raquel Arias Rodríguez na data 29/12/2025 10:10:58

Víctor Baladrón Lamas na data 29/12/2025 10:11:11

Nicole Grueira Fernández na data 29/12/2025 10:11:19

Dolores Hermelo Piñeiro na data 29/12/2025 10:11:31

Argimiro Marnotes Fernández na data 29/12/2025 10:11:39

Maria Magdalena Perez Millares na data 29/12/2025 10:11:45



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/12/2025 10:12:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 10:12:56
Nº Rexistro: 42976
Data envío: 29/12/2025 10:12:56.666

CSV: BOPGDSPG-UpPex7R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

